

MULLERES SIGNIFICATIVAS DE CAMARIÑAS (2005)

Promove: **Concello de Camariñas.**
Coordinación: **Área de Igualdade, Servizos Sociais e
Axencia de Desenvolvemento Local (ADL).
Concello de Camariñas.**

1

Edición: 2005
Autoras: **Paula Rama Morales. Técnica de Igualdade do Concello de Camariñas.
Alicia Camiño Mouzo e Olga Sánchez Mouzo. Bolseiras do programa.**

Apoio Técnico: **XENEME Intervención Social S.L.L.**

Maquetación: **Graciela Bellino Cattebeke , Mercedes de la Fuente Marcote , Alicia Camiño
Mouzo, Carmen Martínez Santos, María José Pasantes Pasantes, Milagros
Pose Carracedo, Carmen Margarita Sánchez Mouzo, Olga Sánchez Mouzo,
Asinga S.L.**

Financia: **Cruz Vermella (Proxecto SINGRA).
Deputación Provincial da Coruña.**

Edición: 2007
Correccións do texto: **Patricia Vaquero González (Técnica de Igualdade)**
Correccións na maquetación: **Jose Manuel Sestayo (Técnico Informático)**

"Cando entras no meu pobo
moi cedo de mañá,
ves as ventás abertas
e as mulleres na leira están.
Os fillos xa están na escola,
os homes no mar van
e elas están en pena
hasta que os ven voltar.
As mociñas na costura
sentadiñas sempre están,
unhas cosen, outras bordan
e falan da mocidade.
Rindo, sempre alegres
e cantando.
E así pasan as tardes.
As mulleres do meu pobo
non hai mulleres coma elas,
traballan durante todo o día

na casa ou nas leiras.
Polas noites van a escola,
palillando vellas e novas.
Visítanas os mozos
que con elas van falar
e xa quedan para o domingo
pa ir ó cine ou bailar.
Son as horas que teñen
para palillar.
E as nais non llo prohiben
pois non deixan de palicar.
E así día tras día,
na casa, na leira,
cosendo, bordan
ou palillando,
para axudar á familia
pasan as horas traballando".

1. PRESENTACIÓN	07
1.1 Limiar do alcalde	09
1.2 Como xurde o programa Mulleres Significativas de Camariñas?.....	13
1.3 En que consiste o programa?	17
1.4 Como se fixo a guía?.....	21
1.5 Cales foron os resultados?.....	25
2. BIOGRAFÍAS MULLERES SIGNIFICATIVAS DE CAMARIÑAS....	31
2.1 Ámbito artesán	33
2.2 Ámbito artístico	43
2.3 Ámbito da terra	49
2.4 Ámbito educativo.....	55
2.5 Ámbito familiar.....	64
2.6 Ámbito marítimo.....	68
2.7 Ámbito ocio-deportivo	80
2.8 Ámbito político	86
2.9 Ámbito sanitario.....	92
2.10 Ámbito sociocomunitario.....	108
3. GLOSARIO DE EXPRESIÓNS OU DITOS POPULARES	125
4. BIBLIOGRAFÍA.....	130
5. AGRADECEMENTOS.....	1???

1. PRESENTACIÓN

1.1 Limiar do Alcalde

Unha das prioridades que este Concello se marcou na presente lexislatura foi o desenvolvemento dun Plan de Igualdade de Oportunidades; o seu obxectivo foi o de colaborar no esforzo por tentar rematar coa discriminación de xénero no noso concello. Neste senso, a elaboración da presente GUÍA DE MULLERES SIGNIFICATIVAS responde á vontade de saldar unha débeda importante con aquelas persoas que contribuíron co seu anónimo traballo e esforzo á construción colectiva de Camariñas.

Esta recompilación das biografías de corenta e tres mulleres é o testemuño vivo da historia recente do noso concello. É por isto que debo expresar a miña máis sincera gratitude con todas aquelas persoas que colaboraron no labor de recuperación e entendemento do noso pasado e presente.

De seguro que deixamos fóra desta guía a moitas camariñás que merecerían estar nela; razóns de tempo e recursos impedíronnolo. Por iso, trataremos que novas publicacións e accións divulgativas sigan no futuro contribuíndo á indispensable consecución do seu recoñecemento público.

Déixovos co lecer da lectura das páxinas que seguen.

Juan Bautista Santos Ramos
Alcalde do Concello de Camariñas.

1.2 Como xurde o programa de Mulleres Significativas de Camariñas?

Dende o ano 2002 estamos a desenvolver accións destinadas a rematar coa discriminación de xénero no concello. Un primeiro paso neste camiño foi a realización do estudo "A realidade das mulleres camariñas" realizado polas Técnicas de Igualdade do concello de Camariñas Luzía Fernández e Laura Montero.

Unha das principais conclusións desta diagnose foi a constatación da falla de recoñecemento e valoración do traballo feminino. Co ánimo de loitar contra este descoñecemento e atender as necesidades das mulleres, elaboramos o I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres¹ aprobado en sesión plenaria o 30 de abril de 2005, este documento reúne as políticas de igualdade municipais dunha maneira transversal e integral durante o bienio 2005-2006.

Convén destacar que unha das primeiras actuacións deste plan foi a elaboración do programa **MULLERES SIGNIFICATIVAS DE CAMARIÑAS do que xurdiu a realización da presente guía**; o seu obxectivo non é outro que facer visible e recoñecer o traballo feito polo colectivo feminino do noso municipio. As biografías aparecen dentro de cada ámbito ordeadas segundo número de votos recibidos.

Yolanda Suárez Vázquez
Concelleira de Servizos Sociais.

¹ http://www.camarinas.es/contenidos/igualdade/plan_igualdade.htm

1.3 En que consiste o programa?

🌀 programa MULLERES SIGNIFICATIVAS DE CAMARIÑAS é unha iniciativa que nace a finais de marzo de 2005 coa finalidade de dinamizar á poboación camariñá para sensibilizala e concienciala sobre a importancia do labor que levan e levaron a cabo as mulleres. Comezamos desta maneira o camiño para rematar coa minusvalorización do traballo feminino, obxectivo xeral que se materializou na posta en marcha dun conxunto de accións de participación cidadá:

- Actividade de recollida de información e documentación coa poboación local -fotografías, cantigas, cartas, etc.- de mulleres relevantes (meses de abril, maio e mediados de xuño).
- Obradoiro de igualdade de oportunidades co alumnado de Terceiro da ESO do Instituto de Ensinanza Secundaria de Ponte do Porto (celebrado do 31 marzo ao 14 de abril).
- Recollida de trece biografías de mulleres significativas co alumnado de Terceiro e Cuarto da ESO do Instituto Pedra da Águia de Ponte do Porto (mes de abril).
- Curso en “Igualdade de xénero, dinamización de grupos e desenvolvemento comunitario” con once mulleres do Concello (celebrado do 12 ao 19 de abril).
- Colocación de catorce urnas nas distintas parroquias municipais co obxectivo de facilitar a participación e opinión da poboación local (meses de abril e maio).
- Realización da presente guía informativa con toda a documentación seleccionada plasmando nun documento escrito unha parte da historia oral e da situación actual do colectivo feminino (meses de maio e xuño).
- Curso de “Maquetación e deseño” da guía con oito mulleres do concello de Camariñas (meses de xuño e xullo).
- Exposición itinerante coas fotografías das mulleres elixidas (meses de setembro e outubro).
- Presentación dunha proposta ao Concello con nomes de mulleres relevantes para denominar espazos públicos ou rúas (mes de outubro).

Nas distintas actuacións presentadas apoiámonos na metodoloxía de participación-acción combinando formación e práctica, posibilitando así que as

mulleres camariñas foran protagonistas activas deste programa.

De feito, algúns dos instrumentos empregados para garantir a participación e actuación do colectivo feminino do Concello foron: cartas informativas a todas as asociacións municipais invitándoas a poñerse en contacto coa Área de Igualdade; establecemento de contactos persoais coas entidades e organismos da zona² para que fíxesen as súas contribucións; difusión na prensa, na radio local e na páxina web municipal sobre a evolución do programa, animando á poboación local a participar no proceso aberto de selección. Subliñar novamente que, para aumentar e lexitimar as propostas de mulleres significativas, ademais das medidas enumeradas, colocamos urnas nas parroquias para recoller as candidaturas elixidas pola veciñanza municipal.

As técnicas empregadas para a realización do traballo de campo e a confección de biografías baseáronse en sesenta e dúas entrevistas abertas ás mulleres seleccionadas e, no caso de estar falecidas, entrevistamos aos seus achegados ou familiares, complementando a información co emprego de fontes indirectas (datos do Padrón, do Xulgado, bibliografía, hemerotecas, etc.).

20

A Área de Igualdade do Concello de Camariñas foi a encargada de coordinar o proxecto, contando coa cooperación de Alicia Camiño e Olga Sánchez que levaron a cabo o traballo de campo connosco. Asemade o programa tamén tivo o apoio técnico da empresa Xeneme Intervención Social e o financiamento do Concello de Camariñas, da Deputación da Coruña e da Cruz Vermella (proxecto SINGRA).

² Os datos de contacto dos organismos locais e provinciais foron:

1.4 Como se fixo a guía?

a realización da guía é unha máis das accións que compón o programa "Mulleres Significativas" e foi o resultado das seguintes fases de traballo:

1. Difusión e artellamento dos instrumentos e das canles de participación cidadá.
2. Formación de mulleres para participar na execución deste programa comunitario.
3. Recollida e clasificación de información, elaboración de materiais e revisión de textos.
4. Formación de mulleres no campo das novas tecnoloxías coa finalidade de maquetar e deseñar a presente guía.

O resultado destas fases-accións é a Guía de Mulleres Significativas de Camariñas. As limitacións propias de calquera programa, reducen as posibilidades de realizar unha guía máis exhaustiva e completa. Temos que lembrar que este documento escrito é só unha mostra do labor feito polas mulleres do Concello ao longo do século XX e que foi un fío condutor para artellar obxectivos de dinamización e visibilización do papel da muller na nosa comunidade. Neste pequeno libro conflúen e reflíctense, polo tanto, os esforzos de mulleres de onte e de hoxe.

A selección das corenta e tres biografías que se desenvolven neste documento que presentamos, realizáronse cos seguintes criterios tendo en conta o cronograma de traballo e as datas previstas de remate de cada fase:

- Orde de comunicación das candidaturas achegadas. Comezouse a traballar coas biografías das primeiras mulleres propostas polas entidades -onde ten especial relevancia a participación do alumnado do IES de Ponte do Porto- ou persoas que contactaron connosco.
- Número de votos emitidos nas urnas das distintas parroquias.
- A presenza de mulleres de diferentes parroquias e ámbitos.
- A maior información achegada sobre elas.

Neste senso, non tivemos ningún outro criterio de selección nin valoración. Damos a coñecer as traxectorias vitais destas mulleres que son significativas para as persoas do Concello de Camariñas. A falla de tempo e recursos limita a presenza

de máis biografías nesta primeira guía, aínda que recolleamos os nomes de mulleres que foron propostos pola veciñanza e dos cales non puidemos elaborar as súas historias.

Desexamos que este documento sexa o motor da memoria do labor histórico feito polas mulleres, incitando ás persoas do noso territorio a valorar e visualizar o traballo e o esforzo despregado polo colectivo feminino camariñá.

Cómpre salientar que as corenta e tres biografías recollidas divídense en dez ámbitos (artesán, artístico, da terra, educativo, familiar, marítimo, ocio-deportivo, político, sanitario e sociocomunitario), unha estrutura que foi establecida en función dos criterios das persoas que achegaron a información. Por outro lado os relatos céntranse no aspecto sociolaboral máis importante da seleccionada segundo o criterio da xente que a propuxo. Elixíuse o conto breve como estilo narrativo para redactar as biografías elaboradas a partir da información oral e documentación proporcionada pola poboación local. Co ánimo de modificar o mínimo posible as narracións que escoitamos, mantivemos as expresións habituais dos e das informantes, engadindo un glosario final para a súa aclaración.

1.4 Cales foron os resultados?

a maioría das elixidas naceron no século XX e se caracterizan por ser mulleres que desempeñaron múltiples traballos: lavar a roupa, labrar a terra, coidar do gando, palillar, acudir ao alghaso*, vender nos mercados, coidar de menores e anciáns, atender tendas e negocios, traballar no mar, nas conserveiras, nas minas, coser, coidar persoas doentes, ensinar á mocidade, curar doenzas, etc. Moitas delas carecían de contrato e se movían dentro da economía somerxida, tendo que compatibilizar e adaptar as súas modalidades de traballo ao seu rol familiar. Son elas as encargadas do coidado da unidade familiar e de realizar o traballo doméstico, non existindo unha repartición destas tarefas co home.



Wmiff: Mxkce:!

En case a totalidade das biografías aparece a actividade encaixeira como parte da atribución de xénero, é dicir, "forma parte do rol feminino coa mesma forza que a atribución exclusiva do traballo doméstico e de coidado das persoas, entre outros"³. O feito de que o palillo se integre no modo de produción doméstico, redunda nunha sobrecarga de traballo feminino e nun descenso do tempo de lecer; mais tamén foi unha ferramenta importantísima que axudou á mellora da calidade de vida do noso territorio, aportando ingresos complementarios fundamentais.



Wmiff: Mxkce:!

A precariedade laboral e as dificultades no acceso da muller á economía regulada son características da realidade na que se desenvolven as historias que atopamos nesta guía e que continúan a ter lugar na actualidade (hoxe o 64% do desemprego municipal rexistrado é feminino). A sobrecarga familiar do colectivo feminino dificulta a súa inserción no mercado laboral e, ante as necesidades económicas, ocupan postos de traballo non cualificados nos que poden

*Dpctvshpibaj!

³ CiscRoef(Hp)stf(-MfNpofDbeab-M6114-tf)M2/

compatibilizar as obrigas familiares, que consideran prioritarias. Desta maneira, os factores mencionados determinan as súas condicións de emprego nun mercado laboral que non facilita a conciliación da vida familiar e laboral: traballo a tempo parcial, discriminación salarial e en sectores feminizados (tales como o encaixe, o marisqueo a pé, a ensinanza, a hostalería ou o traballo na conserveira)⁴.

Poucas das mulleres que aparecen na guía caracterízanse por ter unha formación acadada na escola ou nos centros de formación regrada. A cualificación feminina acádase na propia experiencia vital ou na transmisión de coñecementos doutras mulleres. Esta realidade, xa cambiante, queda plasmada aínda hoxe na taxa bruta de analfabetismo do Concello (6,17%), significativamente maior para o conxunto feminino que para o masculino, sobre todo se nos detemos na franxa de idade superior aos cincuenta e oito anos.

As mulleres seleccionadas teñen vidas marcadas polo fenómeno migratorio que ten unha incidencia directa na súa cotidianidade. Unha das principais consecuencias "céntrase na vida das denominadas viúvas de vivos, as mulleres que viven separadas dos seus compañeiros durante longos períodos de tempo, sucedendo o mesmo cando están casadas con mariñeiros embarcados na pesca de altura ou na mariña mercante"⁵. A ausencia masculina levaas



Edición: 2015 (2015)

a desempeñar o rol de pai e nai e están sometidas a un forte control social no concernente á súa existencia diaria. Son tamén as responsables directas do benestar do grupo familiar e as que socializan e acadan a cohesión social necesaria para a subsistencia do grupo. O efecto migratorio e a precariedade económica requiriu -e aínda require- do apoio non só de nais, senón de tías, avoas e outras parentes e achegadas que asumiron parte das tarefas de sostemento do núcleo familiar: atención aos menores e anciáns, apoio económico para emprender actividades económicas externas, asunción de tarefas agrogandeiras ou relacionadas co mar para proporcionar dispoñibilidade de tempo a outras mulleres da familia, etc.

Salientar que dentro dos dez ámbitos nos que se divide a guía, hai dous, o sanitario e o sociocomunitario, que presentan un maior número de mulleres. Por

⁴ <http://www.mji.es/contenidos/115/2223/>

⁵ <http://www.mji.es/contenidos/114/19/>

unha banda, observamos que son ámbitos tradicionalmente femininos onde a muller exerceu un labor de incalculable valor en prol do benestar e da cohesión social da comunidade e por outra banda, é precisamente nestes sectores onde historicamente a invisibilidade do esforzo feminino é maior, xa que se consideraron sempre complementarios e soportes básicos doutros ámbitos con maior proxección socioeconómica, de prestixio e ascenso social.

En definitiva, as historias de vida aquí recompiladas son un reflexo da estrutura social, cotiá e produtiva do colectivo feminino municipal. Desexamos que esta guía constitúa o punto de partida para que sexamos conscientes da súa indispensable existencia.

Moitas grazas pola súa colaboración.

Paula Rama Morales.
Técnica de Igualdade.
Coordinadora do Programa "Mulleres Significativas".

2. BIOGRAFÍAS :

“ MULLERES SIGNIFICATIVAS DE CAMARIÑAS ”

2.1 Ámbito Artesán

AS PALILLADAS

As palilladas consistían nunhas reunións de mulleres, habitualmente celebradas pola noite, que se realizaban fundamentalmente para tecer con palillos* os encaixes. As reunións tiñan lugar no inverno⁶ no salón de distintas casas e as mulleres colocábanse segundo a idade que tivesen. Un banco grande dividía a sala en dúas partes: nun lado do banco apoiaban as mozas as almofadas* e, no outro lado, facían as vellas, sentadas todas nun chan de madeira. Os distintos locais cedíaos a veciñanza da zona co compromiso de que as palilleiras se encargasen de mantelos limpos e de, nalgúns casos, pagar o recibo da luz⁷.



35



Os produtos obtidos nas palilladas eran, máis que nada, un complemento ao modo de produción familiar. Os labores do mar e a agricultura minifundista de autoconsumo formaban parte, xunto co diñeiro obtido da venda do encaixe, da economía de subsistencia⁸ propia da poboación do Concello. Cómpre sinalar, neste senso, que algunhas palilleiras denominadas "caseteiras" dedicábanse por completo a esta actividade; mentres, outras soamente palillaban de noite pois tamén tiñan que labrar a terra e realizar outros traballos⁹.

As palilladas influíron durante séculos na vida municipal e non só por formar parte da economía local, senón tamén polas repercusións no modo de vida camarián¹⁰. De feito, tiñan unha función social e de diversión: os mozos acudían a

⁴ Dpto. de Historia.

⁵ En el (documento) de la Colección de la Biblioteca de la Universidad de Salamanca, en el (archivo) de la Biblioteca de la Universidad de Salamanca, en el (archivo) de la Biblioteca de la Universidad de Salamanca.

⁶ Dpto. de Historia.

⁷ Historia de la Universidad de Salamanca.

⁸ En el (documento) de la Colección de la Biblioteca de la Universidad de Salamanca, en el (archivo) de la Biblioteca de la Universidad de Salamanca, en el (archivo) de la Biblioteca de la Universidad de Salamanca.

⁹ Dpto. de Historia.

¹⁰ Dpto. de Historia.

visitar às mozas e, despois de palillar varias horas, organizaban xogos -tales como "A Pita Cega" ou o Xogo do "Anillo"- e unha vez á semana facíanse bailes. Unha festividade moi especial era o Entroido, momento no que se disfrazaban e acudían comparsas da zona.

As mulleres de maior idade eran as encargadas de que se cumprisen as normas xa que, ademais de ocupárense de que o labor asignado a cada unha das mozas se levase a cabo¹¹, tiñan que "vixiar á mocidade, porque naqueles tempos era a cousa moi estrita, se querías darlle un bico a unha moza podías prepararte"-tal e como atestiguaba unha das entrevistadas-



Na actualidade as palilladas tradicionais desapareceron e, entre outras causas, atopamos os factores que puideron influír na perda deste costume popular: a emigración da poboación camariñá, o aumento do nivel de vida e a incorporación da muller ao mercado laboral.

36

*"Contan que naquel entón,
por non caber no salón,
iban bailar as tellas,
e piso que non fendía
din que era casualidá;
que o digan os de Muxía,
os da Ponte ou de Buría*

*para que vexan si é verdá.
Contan que os mozos que
había
non se podían contar
e que era tanta alegría
que hasta ben entrado o día
non paraban de bailar;*

*mais si é ou non é verdade
o que alí as vellas din
das farras da antigüidade,
eu, que son da actualidade,
xuro hainas, que eu as vin"*

(Faustino Lastres Pazos)

¹¹ Dificilmente se podían contar os mozos que había

Concepción Regueira Pardiñas, coñecida coma Chita -sobrenome que provén da abreviatura de Conchita, naceu o 17 de xuño de 1944 en Camelle. Foi á escola ata os quince anos e aprendeu a palillar a través da sabedoría transmitida pola súa nai e da súa participación nas palilladas. Ademais de estudar, ela e as irmáns botábanlle unha man á nai que era a encargada de xestionar o correo da zona.



Casou aos dezanove anos e emigrou xunto co seu home para Alemaña onde tiveron unha filla e residiron doce anos. Cando volveu á parroquia encargouse de traballar na casa e axudar á súa irmá -que continuou coa tradición familiar de repartir a correspondencia-.

37

No ano 1991 o Concello contratou os servizos de Concepción para ensinar a palillar a grupos de nenas de entre sete e doce anos dúas veces á semana. En Semana Santa acude coas rapazas á Mostra do Encaixe de Camariñas onde expoñen todos os traballos realizados ao longo do ano e tamén palillan no propio espazo da feira, tal e como amosa a fotografía.

Na actualidade, imparte clases de palillo na Casa do Mar de Camelle e decidiu engadir nas súas ensinanzas o ganchillo para enriquecer a aprendizaxe das nenas e facer o seu labor máis agradable; actividade esta que Chita aprendeu de maior, fixándose nas persoas que realizaban ese traballo e imitando os seus movementos.

O seu tempo de lecer dedícaa a coser ou a ganchillar e, durante a época do verán, gústalle moito ir á praia. Concepción é unha muller presumida que se sente moi orgullosa do desenvolvemento da súa profesión.

2 DOLORES CANOSA CASTRO (1931)
Palilleira que elaborou unha mantilla de encaixe para a
raíña dona Sofía.

Dolores Canosa Castro, máis coñecida na comunidade como Lola de Marujillo, naceu en Mourín (Camariñas) o 25 de febreiro do ano 1931 e foi a muller encargada de elaborar unha mantilla de seda negra para a raíña.



Galería de Imaxes do Museo do Povo de Camariñas

Dolores procede dunha familia humilde de doce irmáns, circunstancia esta que restrinxiu a súa oportunidade de acudir á escola, comezando con tan só dez anos a ir aos percebes e a traballar a xornal* nas terras da veciñanza. Máis adiante traballou na fábrica Conserveira de Cerdeiras e limpou no faro do Cabo Vilán, ao cal acudía tres días á semana, subindo á súa torre cun caldeiro de auga na cabeza. Casou moi nova. Con vintecatro anos quedou viúva e cando o seu único fillo cumpriu catorce anos, foi vivir para Camariñas.

Lola comezou a palillar con dezaseis anos e, pódese dicir que fixo encaixes de case todos os tipos. No 1993 encargáronlle, dende o Concello de Camariñas, elaborar unha mantilla de fio de seda negro para a raíña dona Sofía. Ela foi a coordinadora do labor e contou con tres palilleiras para este encargo: Cándida Sánchez, de Braño; Consuelo Oanes, de Cereixo e María Rosa Liñeiro, de Camariñas. Despois de tres meses palillando sen parar, remataron a mantilla de 2,5m de longo por 1m de ancho, valorada daquela nun millón de pesetas.

O Concello de Camariñas entregou a peza á raíña. Pasado un tempo, María Rosa Liñeiro -unha das palilleiras que xunto a Lola elaborou a mantilla-, escribiulle a dona Sofía para que lle mandara unha foto dedicada ás catro palilleiras, e así foi.

Nun xornal galego¹², publicouse que a soberana luciu a mantilla na voda da súa filla maior a infanta Elena.

¹² +DccvmbfHjDsg!

¹² M. N. (ed. H. N. B. 114-115/95/

Manuela Carballo Mouzo e Isolina Lema Carballo naceron na Ponte do Porto e destacaron por seren as primeiras comerciantes do encaixe de Camariñas. Nai e filla foron mulleres emprendedoras e traballadoras segundo comentan as persoas máis achegadas a elas.

Manuela era filla dun carpinteiro e muiñeiro da Ponte do Porto e dunha palilleira de Cereixo (Concello de Vimianzo) que gozaban dunha situación socioeconómica boa. Era a única muller de catro irmáns, sabía escribir pero se descoñe se foi realmente á escola ou non.

Casou noviña cun home que se viu obrigado a emigrar a Cuba para buscar traballo, momento a partir do cal marchou a vivir á casa da súa sogra. Froito dese matrimonio tivo dous fillos: Isolina e José. A súa actividade principal centrouse na comercialización do encaixe do concello camariñán ás terras de León e resto de Galicia, chegando a ter unha pequena oficina en Pontevedra e outra na Coruña. Debido á súa profesión viaxou moito, circunstancia que fixo que en moitas ocasións tivera que deixar aos seus fillos ao coidado da súa sogra. Manuela faleceu o 22 de novembro de 1947 con setenta anos de idade, deixando o seu negocio á súa filla.

Jsolina Lema Carballo, a filla de Manuela, tivo unha situación socioeconómica familiar que lle permitiu asistir á escola privada de Carantoña (Vimianzo), aínda que deixou os estudos antes de rematalos. Casou moi nova e, ao igual que lle sucedera á súa nai, o seu home emigrou a Cuba.

Ela vivía na rúa das Barrosas coa súa avoa, que vendeu unha leira para lle comprar á súa neta unha máquina de coser indispensable para desenvolver o seu traballo de costureira. Isolina ía polas casas a coser e facía distintos labores: saias, mandís, remendos, sabas, etc. En moitas ocasións comía na casa das persoas que a chamaban para coser e, cando chegaba a noite, se dedicaba a palillar.

Despois duns anos, Isolina comezou a vender puntillas coa súa nai Manuela e, cando esta deixou o traballo, ela continuou a súa profesión. O seu traballo como comerciante do encaixe de Camariñas centrouse en Galicia puidendo abrir unha tenda de puntillas nunha praza da Coruña na época da Guerra Civil. Cando estalou a contienda comezaron a requisar todas as pertenzas sen control; Isolina veuse obrigada a agochar as puntillas e os cartos da súa tenda na pensión onde se aloxaba.



© Espinosa / Novas Onda / R. Fernández Opazo / Mink!

Deixou de palillar aos oitenta e cinco anos, cando enfermou, e morreu aos noventa e un sen acudir un só día ao médico. Gustáballe moito tomar unha copiña de viño doce e gozaba falando coa xente e tendo visitas.

40

*"Tres cosas ay na vida
que no nas podon alcanzar
viña bello é nena nova
é cartos para gastar.
Teñen as costureiriñas
teñen o que Dios lles deu*

*tamén as costureiriñas
teñen o que ven sei eu.
Tamén teñen as modistas
de Murguía é Camariñas
moitos cartos no bolsillo
ben ganados e coas*

*puntillas.
Dándolle os palitroques
ellas ganaban ben a vida,
é a conta dos palillos
andan en grande vestidas".*

***Versos extraídos dun libro da época
que recollía poemas para a
diversión dos máis novos***

Josefa Ventoso Paradela naceu en Camariñas o 26 de maio do ano 1889 e destacou, no ámbito artesán, por ser a muller encargada de palillar un agasallo para a raíña Vitoria Eugenia.



Tamén coñecida como Pepita de Roque - sobrenome que lle vén do seu pai, Josefa comezou a palillar aos seis anos de idade baixo as indicacións da súa nai, traballo ao que se dedicaría o resto da súa vida. Con vintecinco anos casou cun armador camariñán co que tivo nove fillos.

Era moi boa palilleira, coidadosa e detallista e, segundo nos comentou a súa filla, "facía o labor con moito tino". Estas características conducírona a realizar o encargo que, dende a Deputación da Coruña, lle fixeron para elaborar unha "sombrilla" destinada á raíña Victoria. Aínda que ela foi a que se encargou de facer esta peza, necesitou os recortes dun cuarterón* que lle proporcionaron dende a propia Deputación; onde estaban escritas cada unha das letras que compoñían o nome da raíña Victoria. Convén salientar que, ao mesmo tempo que ela realizaba este traballo, unha amiga súa chamada Rita de Xusta elaborou unha mantilla de encaixe que tería a mesma destinataria.

Unha vez rematado o traballo, montouse a "sombrilla", colocóuselle unha empuñadura de prata e se espuxo na xoiería "Malte" da rúa Real da Coruña. A "sombrilla" e maila mantilla fóronlle entregadas á raíña Victoria nesta cidade no ano 1909[†], con motivo da inauguración da praza de touros. Crese que hoxe en día ámbalas dúas pezas están expostas nun museo de Madrid.

Pepita de Roque faleceu no ano 1983 con noventa e tres anos na súa vila natal, Camariñas.

*<http://www.fundacionvictoriayjosefaparadela.com/Default.aspx>
†<http://www.fundacionvictoriayjosefaparadela.com/Default.aspx>

P vusbt n vmf sft t!tjho jgdubjwbt le fousp lep !î N C JUP !BSUFT î O !tpo ;!

- ✿ E P M P S F T ! C M B O D P ! S P E S î H V F [!
✿ (Xaviña). Palilleira.
- ✿ F M J T B ! D B S S J M ! Q ð S F [!
✿ (Camariñas). Palilleira que compraba encaixe para despois vendelo.
- ✿ M V J T B ! E F ! Q S J N !
✿ (Camariñas). Palilleira.
- ✿ J E J M J B ! Q B T U P S B ! G F S O î O E F [!
✿ (Ponte do Porto). Fai o deseño e picado dos labores para palillar.
- ✿ F O D B S O B D J O ! G S F J S F ! B M P O T P !
✿ (Camariñas). Modista.
- ✿ N B U J M E F ! H B S D î B ! Q B T B O U F T !
✿ (Camariñas). Foi presidenta de “Rendas”, a primeira asociación profesional de palilleiras de Galicia.
- ✿ D B S N F O ! B O H ð M J D B N P V [P ! D J S î O !
✿ (Arou). Palilleira.
- ✿ E P M P S F T ! W î [R V F [! Q B S E J ð B T !
✿ (Arou). Palilleira que recibiu un premio de mans da Raíña Dona Sofia cando era Princesa de Asturias.

2.2 Ámbito Artístico

Carmen Grela Rojo naceu en Ponte do Porto no 1901 e destacou por ser unha muller que compoñía poemas e cancións inspiradas nos acontecementos cotiáns da súa época. Foi a filla dun canteiro e dunha muller que se dedicaba ao traballo doméstico e ao palillo; máis coñecida como A Rusa -sobrenome herdado de seu pai- era a máis vella dos seus once irmáns.

De pequena foi vivir coa súa tía viúva, que era modista. A profesión dela fixo que Carmen se relacionara coas familias adañeiradas de Ponte do Porto; circunstancia que lle posibilitou un maior contacto co ámbito educativo, ingresando no colexio e permanecendo nel ata a idade de quince anos.



Con dezanove anos casou cun carpinteiro da parroquia. Tiveron seis fillos que, todo parece indicar, son herdeiros da lonxevidade da súa nai -que morreu con noventa e nove anos-. Habitualmente erguíase polas mañás cedo, acudía á misa, ía buscar o leite, palillaba e se ocupaba da educación e coidado dos seus. Tamén lavaba a roupa e recollía auga no río para beber e preparar a comida.

Carmen Grela facía poemas e cancións para expresar a súa opinión e os seus sentimentos. Foi unha persoa á que lle gustaba moito ler e que, cando marchaba para a cama, sempre ía cun libro na man. Inventaba cancións na época do Entroido para que cantasen as comparsas, axudaba á mestra de teatro coas representacións e lles botaba unha man aos rapaces e rapazas cando tiñan que escribir poemas na escola.

Foi unha muller autodidacta que deixaba voar a súa imaxinación en calquera momento e situación. Non deixou escritas as súas composicións, mais unha das súas fillas -que aínda se lembra dalgunhas das cancións que compuxo a

súa nai- achegounos unha delas: que lle cantou Carmen aos seus fillos e fillas cando emigraron a Venezuela.

A Rusa morreu no ano 2000, case centenaria, na súa casa. Como sinala a súa filla, "morreu coma paxaro, da súa velleciña".

*"Adiós amor te vas y a mi me dejas,
no sé si volverás.
Por el mundo ballarás,
personas bellas,
pero que os amen tanto,
no la encontrarás.
Déjame que cante,
vuestra despedida,
dejad que os llegue,
mi dulce amor".*

María del Carmen Rojo naceu na Ponte do Porto o 3 de abril de 1932, no seo dunha familia de clase media. Máis coñecida pola veciñanza como Carmen de Lupe, con cinco anos de idade mudouse á Coruña por motivos de traballo do seu pai, que era patrón de pesca do barco "Turquesa". No 1945 o seu pai morreu nun naufraxio, feito que marcou en gran medida a vida de Carmen.

Iniciou os seus estudos na Coruña, pero o mundo artístico atraíaa e comezou a acudir a clases de canto ás agachadas da súa nai, contando para isto coa axuda do seu tío -un acreditado bailarín-. Mari Carmen casou con dezaioito anos e froito dese matrimonio naceron dous fillos. Poucos anos máis tarde a parella separouse.

Con vinte e tres anos emigrou a Venezuela traballando alí como cantante lírica e popular, iniciando a súa andaina artística no 1959. Debutou nun local chamado "Pasapogue" co nome artístico de Mary Carmen Palacios e, a raíz desa actuación, lle comezaron a saír contratos. Foi no "Pasapogue" onde coñeceu ao que logo sería o seu segundo marido, director artístico dese local.



Era asidua dos salóns da Irmandade Galega, traballou nas principais salas do país de Bolívar e viaxou por toda Sudamérica. Carmen lembra as súas intervencións en moitos programas da televisión de países coma Panamá, Santo Domingo ou Colombia. Especialmente rememora as súas actuacións cos "Satélites" nos salóns da Irmandade Galega de Caracas, cando o país era un fervedoiro de galegos grazas á súa bonanza económica. Afirmo que, con esa grande orquestra, cantou por primeira vez varios temas de Pucho Boedo na súa lingua materna. Asemade fixo unha xira por España durante seis meses onde compartiu escenario con grandes artistas tales como Carmen Sevilla, o Dúo Dinámico ou Lola Flores.

Deixou a súa profesión no ano 1980 e, actualmente, reside na Ponte do Porto e segue conservando unha grande beleza e unha voz envolvente. Cando Carmen rememora os tempos pasados, afirma estar moi contenta por ter feito felices coa súa música a milleiros de persoas nunha época na que era moi difícil animar á xente.

2.3 Âmbito da Terra

Clementina Cibrán Pose naceu o 7 de xuño do 1930 en Pescadoira (Xaviña), lugar onde reside actualmente. Procede dunha familia humilde de labregos composta por cinco irmáns, sendo o seu pai de Xaviña e a súa nai de Pescadoira. Cando ela contaba con tres anos a súa nai morreu, circunstancia que impediu que acudise á escola; sen embargo, aprendeu a ler e escribir grazas a súa inquietude persoal.

Aos once anos comezou a traballar na mina de Brañas Verdes e, como ela mesma conta, *"tiña sete ou oito xefes e todos eles eran homes"*. Na época na que Clementina estivo na mina estaban empregadas nela cen persoas, sendo a maioría delas varóns. O seu labor consistía en asistir á máquina que limpaba a terra retirada, escollendo as pedras e separando os minerais de volframio; sufrindo un día un accidente ao enganchárselle o pelo nel.



Para quitar uns cartos extras, escavaba no monte da Costa, no terreo do faro ou en Cabana -un monte de Brañas Verdes-, utilizando para elo un sachos para extraer o mineral, que logo ela mesma vendía por quilo a distintas persoas.

Casou con vinte anos e tivo dúas fillas. Pouco tempo despois pechou a mina e, como tiña que seguir traballando para gañarse a vida, dedicouse á recolecta de algas, a facer devasas no monte e a podar pinos para a Forestal do Estado. Con sesenta anos Clementina levou un golpe e se veu obrigada a retirarse desta última actividade.

A día de hoxe conta con setenta e cinco anos e se atopa traballando nas súas leiras como si fora unha moza de vinte.

Dolores naceu en Camariñas en 1884. Procedente dunha familia de labregos humildes, non tivo a oportunidade de acudir á escola. Despois dunha longa variola quedou cega e continuou vivindo na casa materna co seu irmán Manuel.

Ocupábase do traballo doméstico, coidaba con moito agarimo ás trescentas cabezas de gando que posuía, labraba a terra -onde plantaba todo tipo de verduras, legumes e tubérculos-, acudía á fonte a recoller auga e era unha moi boa cocineira. Asemade facía o pan a diario para consumir na casa e, cando era o cabo de ano dalgún familiar seu, se encargaba de darlle un bolo de pan á xente que asistía á Igrexa -tradición familiar arraigada na zona naquela época-.



Por mor da súa cegueira déronse algunhas situacións nas que a xente intentou enganala, mais ela aprendeu dende moi nova a desenvolverse con axilidade valéndose dos seus sentidos e da súa agudeza. De feito un día que estaba muxindo as vacas -leite que vendía con posterioridade-, unha muller do pobo colleu un puñado de fariña sen lle pedir permiso. Dolores recoñeceu polo son das súas pegadas e, tras falar con ela, a señora acabou admitindo que realmente fora ela.

Segundo contan, foi unha muller moi querida polo pobo camariñán e pola súa familia. Na casa chamábana polo nome de Tata e se levaba moi ben cos seus sobriños. A vida de Dolores transcorreu en Camariñas ata os noventa e tres anos, idade na que faleceu acompañada dos seus.

Elisa Blanco Lema naceu o 2 de maio de 1921 en Brañas Verdes (Xaviña). Filla de labregos da zona, dedicouse desde moi nova a apañar a caramiña, un froito de cor branco-rosado dun arbusto que alcanza a súa madurez no mes de agosto e que crece nas inmediacións do Monte Branco e da praia de Trece*.

Cando chegaba o verán, Elisa ía coller a tamén chamada "herba da fame" para vendela nuns vasiños pequenos polas portas das casas de Arou, Santa Mariña, Camelle e da Ponte do Porto. *"Eu ía a tódolos lados (...) e vendíaas coma a pementa; a todo o mundo lle gustaban porque é unha froita moi bonita, branca coma neve"*.



53



Revista do Monte Branco

Apañaba as caramiñas coa man sen axuda de ningunha ferramenta e se dedicaba a isto todo o día mentres moitos lle preguntaban se realmente era comestible ese froito rosado. Como a particular recolleita de caramiñas soamente duraba un mes, o resto do ano Elisa dedicábase a palillar, a ir ao alghaso*, a coller polbos e mexillóns e a plantar patacas na súa pequena horta.

Deixou este laborioso traballo cando o seu médico lle prohibiu que cargase peso nas costas. Na actualidade Elisa ten oitenta e catro anos, gústalle moito falar coa xente e camiñar. Recomendalle ás persoas que non coñezan Camariñas visitar o Monte Branco no mes de agosto para velo inundado de caramiñas.

*Punto de encontro dos labregos da zona para vender os seus produtos.
 +Dorados e alghasos.

2.4 Ámbito Educativo

María Concepción Rodríguez Martínez, coñecida coma Pitina, naceu o 30 de novembro de 1934 na Ponte do Porto onde vive actualmente. Muller significativa do mundo educativo camariñán, é recoñecida e valorada polo seu labor como mestra.

Os pais de Concepción eran da Ponte do Porto; o pai médico e a nai traballaba na casa. Tiveron unha situación económica bastante boa, circunstancia que permitiu que ela e mailo seu irmán puidesen cursar estudos superiores; Pitina decidiu facer maxisterio.



Está casada e ten dúas nenas e un neno. Empezou a exercer a súa profesión facendo substitucións en Aviledo (Concello de Curtis) onde estivo dous cursos. Despois permaneceu durante un ano en Dumbría e, finalmente, destinárona á Ponte do Porto. Primeiro impartiu as clases na escola do Outeiro, onde acudían moitos nenos e nenas que máis tarde cursarían con ela os seus estudos no colexio de O Allo.

Os seus primeiros grupos de alumnado estaban formados por 50 ou 60 nenos/as de entre 4 e 5 anos. Quixo permanecer nos grupos de preescolar malia que, como ela mesma comentou, era moi cansado ocuparse deles sobre todo nos primeiros días de clase -cheos de choros-.

Pitina está moi orgullosa do seu traballo e de telo feito con verdadeira devoción. O único que a entristece un pouco é que tivo que xubilarse antes de tempo por estar enferma das cadeiras.

É unha muller decidida á que lle encanta viaxar; de feito gustaríalle moito coñecer Praga. Cando se xubilou, os compañeiros e compañeiras fixéronlle unha festa e regaláronlle ferramentas de xardinería que aínda segue usando, xa que dedica gran parte do seu tempo libre ao coidado das súas plantas.

María Dolores Tedín Noya, máis coñecida por Mari Loli, naceu o 29 de outubro de 1939 en Almería. O seu pai, natural de Camelle, era oficial da Mariña e a súa nai, natural de Cereixo, traballaba na casa. A familia tivo unha situación económica boa o que favoreceu que Dolores puidese estudar maxisterio.

O primeiro destino de Mari Loli foi Cereixo (Vimianzo) e logo Rodeiro (Pontevedra). En 1965 destinárona para Arou onde estivo uns anos ata que pasou a exercer de mestra na Ponte do Porto. Ademais de dar clase, Mari Loli xestionou o comedor do colexio que, por aqueles anos, daba servizo a aproximadamente douscentos nenos e nenas. Co paso do tempo decidiu marchar para a escola de Camelle, destino que moitos dos seus compañeiros lle desaconsellaron, pois implicaba traballar máis.



En Camelle tivo que afrontar unha grande tarefa, xa que formaba a corenta e dous nenos e nenas dende párvulos ata o segundo curso de primaria. O traballo de Mari Loli comezaba ás nove da mañá ata a unha do mediodía, e das dúas e media ata as sete da tarde.

Cando se xubilou, organizáronlle nesta parroquia unha bonita homenaxe á que asistiu o seu antigo alumnado e tamén moitos pais e nais. Todos os rapaces e rapazas do seu último ano de docencia dedicáronlle un agarimoso escrito, "*agradecéndolle á Doña as súas ensinanzas*"; bailaron na súa honra e tiraron fotos de recordo. Os pais e nais de Camelle fixéronlle unha cea na que, acompañada da súa nai, o Concello entregoulle un cadro cunha pequena placa conmemorativa. Todo este acto emocionouna moito, xa que non o esperaba e lles agradeceu a todas as persoas de Camelle a despedida que lle deron.

Mari Loli é solteira e vive coa súa nai, á que está moi unida. As dúas van todos os días a misa das nove e polas tardes saen a dar longos paseos. Gústalle moito ler, sobre todo libros históricos, e facer punto de cruz polas tardes. Lémbrese moito do seu alumnado e lle agrada moito que se paren a falar con ela. Un dos seus alumnos adicoulle o seguinte texto o día da súa xubilación.

*"Para Dona Mari Loli,
que navegou coas nosas vidas,
que sementou cariño nos nosos corazóns
e escribiu en nós as verbas do futuro"*

Sofía Emérita Carmen Sánchez López naceu en Camelle o 5 de xullo do 1927. O seu pai, despois de estar emigrado en Francia, traballou de mariñeiro en Camelle; parroquia onde a súa nai era palilleira.



Emérita foi á escola ata os catorce anos e completou os seus estudos aprendendo mecanografía nunha academia da Coruña. Comezou a exercer como profesora aos dezoito anos, impartindo clases particulares no salón da súa casa ao alumnado infantil e adolescente camellán. Ela conta que *"eran moitos, de distintas idades, trastes e que, por veces, tiña que andar todo o día detrás deles"*; por estes motivos decidiu facer dous grupos de traballo, un de tarde e outro de noite, mellorando así o rendemento escolar significativamente.

Malia non ter a titulación oficial, a súa formación autodidacta e a súa paixón pola lectura posibilitou que substituíse como ensinante ás mestras da escola de Camelle, grazas á confianza que depositou nela o cura da Ponte do Porto.

No colexio ensinaba todas as materias e incluso impartía leccións de bordado. As clases adoitaban durar unha hora e media e, cando recibían á inspectora, preparaba ao mellor neno ou nena da clase para recitar poesías diante dela. De feito, unha das súas máximas inquiredanzas foi que o seu alumnado se afeccionase pola literatura a través do xénero lírico.

Emérita é unha muller traballadora que compaxinou o seu labor educativo co de catequista na Igrexa e, cando rematou de impartir clases, continuou bordando e atendendo o seu ultramarinos ata a idade do seu retiro. Actualmente ten setenta e oito anos e reside na parroquia de Camelle.

Sofía Rivas Regueiro naceu en Camariñas no ano 1874 e foi unha mestra moi querida no pobo camariñán. Era filla de Dona Luísa Regueiro, natural de Cambre, e de Don José Rivas, natural de Guísamo. A súa familia mudouse a Camariñas porque ao seu pai destinárono de mestre na zona. Tivo unha irmá chamada Matilde que morreu de nova.

Dona Sofía casou cun empresario hoteleiro mexicano de boa familia. Emigrou a México xunto co seu home e estivo vivindo no país uns anos, onde aprendeu francés debido ás relacións que tivo que manter coa elite francófona do país. Volvería a Camariñas por mor da enfermidade que contraeu súa nai; o seu home quedou en México onde morrería pouco tempo despois.



Cando retornou a Camariñas dedicouse a impartir clases privadas na súa casa a un grupo de nenos e nenas que pertencían á clase media-alta da vila. Mais, consciente de que non toda a poboación podía costearse uns estudos e de que moitos non tiñan nin sequer tempo para asistir á escola, comezou a dar clases gratuítas a aquelas persoas con menos recursos. Ao mesmo tempo que exercía a súa profesión de mestra, organizaba obras de teatro coa xuventude, actuando en moitas ocasións na rúa.

Tiña unha boa relación coa Igrexa e, cando facía falta algunha infraestrutura nova ou se necesitaba algún material para a institución relixiosa, realizábanse funcións de teatro para recadar diñeiro, cobrando dous reais aos asistentes. En moitas ocasións, dona Sofía acompañaba a actuación coa música do seu piano e, no tempo de lecer, gozaba tocando algunhas partituras.

Segundo as persoas que faloron de dona Sofía, din que se preocupaba moito por toda a xente, chegando a acoller na súa casa a unha muller que non tiña onde vivir. Foi moi amiga de Carmen Touriño -comerciante e divulgadora do

encaixe camariñán- que se converteu na súa compañeira de residencia e traballo e que, na actualidade, reside na cidade da Coruña.

Dona Sofía morreu no ano 1968 e, segundo o libro de actas do Concello*, doou os seus bens á comunidade camariñá. En recoñecemento da súa doazón, hoxe en día ten dedicada unha rúa en Camariñas.

Pvust!n vmsft!tjhojjbuwt!efousp!ep!îN CJUP !FEVDBUWP !
tpo;!



CFOJUB ICαSUPMB !
(Ponte do Porto). Mestra.



CFSUB IF!BVSPSB MÖQF [!!
(Xaviña). Mestras.

2.5 Ámbito Familiar

Gloria Lema Lema naceu en Arou o 25 de Abril de 1937, onde vive actualmente. O seu pai era de Arou e a súa nai de Braño (Vimianzo). A súa familia, de labregos, era moi humilde e estaba formada por catro irmáns dos que ela era a máis nova; viviron sempre do que plantaban na terra, sobre todo millo e patacas. As múltiples funcións que desenvolveu non lle permitiron asistir á escola: traballaba na terra e axudaba nas tarefas da casa. A súa avoa ensinoulle a palillar e dedicaba un tempo todas as noites, xunto coa súa nai, a estes labores.



Cando era nova, morréronlle un irmán e unha irmá; polo que tivo que estar de loito durante a súa mocidade.

Sempre viviu coa súa nai e coidouna ata que morreu, hai vinteoito anos. Dende entón decidiu vivir soa a pesar dos problemas de saúde que tivo e que ten. Ademais, a súa familia apréciaa moito e axúdalle nos momentos de necesidade. Coidana as súas sobriñas aínda que, cando se atopa ben, gústalle cocinar e palillar un pouco.

Antes de estar enferma, acudía sempre aos enterros e funerais de Camelle xa que era unha moi boa forma de falar con todo o mundo. Tamén lle gustaba ir ás festas do pobo e ver como bailaban os mozos e mozas. A pesar das súas doenzas, Gloria é unha muller moi valente, traballadora, con ganas de vivir e que sempre mira para adiante.

P vusbt in vmf sft !t jh o jgbujwb t !e fousp !ep !ñ N C JJP !GBN JMJS !tpo ;!



N B S ñB DBSS JMDBTUJ FJSB !
(Camariñas). Muller traballadora de gran determinación.

!



E P S O E B !UB KFT !UB KFT !
(Arou). Palillou moito para sacar aos seus nove fillos adiante.

2.6 Ámbito Marítimo

Avelina e Josefa Carballo naceron en Camariñas e foron as primeiras redeiras da parroquia. Procedentes dunha familia marcada pola emigración a Bos Aires, eran fillas dun pescador e dunha palilleira camariñá dedicada ao traballo doméstico. As irmás aprenderon desde moi novas, grazas ás ensinanzas do seu pai, a facer redes. Con posterioridade serían elas as encargadas de traspasar este coñecemento a outras mulleres de Camariñas.



Na súa mocidade, Josefa Carballo emigrou a Arxentina e abandonou a profesión de redeira pasando a ser dependenta nunha tenda en Bos Aires. Mentres, Avelina continuou co oficio e palillando na compañía dos seus pais. Ambas permaneceron separadas moitos anos ata que Josefa volveu e retomou a súa profesión de redeira xunto a súa irmá.

Segundo o seu curmán, *“naquela época había moitos barcos e elas acudían ao puerto a traballar coas redes máis grandes; tamén facían tramallos* e elaboraban tarrafas* que adoitaban rematar na súa casa”*. Alternaban este traballo coa realización de encaixe de bolillos que vendían na feira de Ponte do Porto ou a intermediarias que os distribuían por Galicia e España.

Ao morrer Josefa, Avelina comezou a cobrar a súa pensión e continuou vivindo na súa casa ata que enfermou, momento a partir do cal o seu curmán e a súa muller pasaron a coidala.

*Docubios Históricos

Cristina Fernández naceu en Camariñas o 18 de xaneiro do ano 1951 e é unha das poucas mulleres fareiras de España. Filla dun mecánico de Muxía e dunha camariñá que dedicou a súa vida ao traballo doméstico e a palillar, dende pequena compatibilizou os seus estudos co traballo de palillo. Grazas ao apoio que lle brindou un colectivo de mestres que tiñan unha academia de estudos na zona -dentro dos cales destacaron José Álvarez e Rafael González-, puido continuar a súa formación.

O seu primeiro contacto co mundo marítimo foi aos catorce anos cando comezou a traballar na Confraría de Pescadores de Camariñas, actividade que lle axudou a costearse os seus estudos e na que coñeceu ao que anos máis tarde converteríase no seu marido. Esta profesión desempeñouna durante sete anos, ata que decidiu preparar as oposicións de Técnica Mecánica de Sinais Marítimas que aprobaría en xullo do ano 1973. Foi a primeira vez que deixaron que as mulleres puidesen presentarse ás probas de acceso deste oficio especializado.



Cristina fixo prácticas de fareira durante seis meses instalando radiofaros en distintos puntos de España. Despois foi destinada ao Cabo Silleiro en Baiona durante un ano e pediu finalmente o traslado a Camariñas, onde comezou a traballar de "*torreira*" -tal e como lle gusta a ela nomear a súa profesión- no Vilán.

O seu traballo diario consiste en vixiar que todos os aparatos e o faro funcionen correctamente. Cando hai unha avaría, a situación muda e o traballo aumenta considerablemente.

As súas grandes vocacións son a menciña e a ensinanza e, de feito, cubriu en certa maneira este obxectivo persoal dando clases á mocidade de Camariñas durante uns anos. Ao vivir nun faro, Cristina tivo que enfrontarse moitas veces á soidade; non había compañeiras coas que falar e expresaba os seus sentimentos escribíndoos en papel. Esta situación mudou cando tivo os seus tres fillos xa que, a partir dese momento, todo o tempo foi pouco.

Esta muller dedica o seu tempo de lecer a falar coa xente de Camariñas, a ler e a camiñar. No Vilán, ela e os seus dous compañeiros de traballo habilitaron unha dependencia onde se encontran restauradas pezas de gran significado sobre a evolución histórica dos faros e que Cristina amosa con ilusión, xa que espera que nun futuro próximo poida converterse nun museo.

Dolores Bermúdez Rodríguez, filla dun mariñeiro e dunha mariscadora, naceu en Xaviña o 6 de marzo do 1960 e chegou a ser a primeira muller presidenta das mariscadoras de Galicia.

Foi á escola da súa parroquia ata os catorce anos e, ao mesmo tempo, traballou nos veráns recollendo algas que os seus pais vendían a algúns compradores de Xaviña. Cando rematou os seus estudos comezou a recoller caramuxas* e berberechos e, cando as mareas eran mortas*, a súa nai ensináballe a coser. Tempo despois casou e tivo dous fillos; o seu marido, emigrante retornado de Suiza, traballa na actualidade de mariñeiro.

74

Foi elixida en 1997 Presidenta da “Agrupación de Mariscadoras de Camariñas”, posto desde o que defende os intereses deste sector profesional -comezaron con cincuenta persoas asociadas e no presente contan con cento corenta e sete-. Posteriormente nomearon a Dolores Vicepresidenta Maior Primeira da “Confraría Maior de Camariñas” e, no ano 2002, foi elixida Presidenta da “Asociación de Mariscadoras de Galicia Areal” - que ten na actualidade dúas mil persoas asociadas-



Traballou moito para conseguir melloras no colectivo das mariscadoras: maiores ingresos salariais, dereito á cotización, melloras nos bancos marisqueiros, a construción de mini-criadeiros e a adquisición de novos materiais -tractores, casetas de vixilancia, etc.- importantes para o mellor desempeño deste traballo.

Dolores é unha muller que segue apostando porque o marisqueo non esmoreza, teña un maior respaldo das administracións e mellore a cobertura sanitaria dos seus profesionais. Con todo, amósase contenta co labor realizado, sustentado no apoio da Confraría e na boa coordinación das persoas que traballan no sector marisqueiro do concello camariñán.

*Dolores Bermúdez Rodríguez

Estrella Arén Rivera naceu en Camariñas o 27 de febreiro do ano 1929. É unha muller que dedicou toda a súa vida a vender peixe en diferentes lugares do Concello.

Máis coñecida como Estrella da *Ghavacha*, procede dunha familia humilde de labregos. Con catro irmáns tivo que traballar moito desde nova para axudar a solucionar a precaria situación económica na que vivían.



Estrella só acudía á escola nos poucos momentos de descanso que tiña, polo que a súa formación veuse moi reducida. Na súa mocidade xa empezou ir a Baio cunha cesta de peixe na cabeza para vender; tamén recollía piñas que lle compraban os donos da mina de Brañas Verdes e traballou na fábrica de Conservas de Cerdeiras onde lle pagaban un peso por día.

Aos dezaioito anos casou e tivo cinco fillos. O seu home era mariñeiro e tiña unha gamela* na que saía buscar marisco. Aos poucos, Estrella comezou a vender marisco e peixe no Muro* e na praza de Camariñas. Desempeñou esta actividade durante moitos anos da súa vida.

Hoxe en día, con setenta e seis anos, goza da compañía dos seus dezasete netos e bisnetos, segue labrando a terra e coidando das súas plantas.

Herminia Blanco Mouzo naceu en Santa Mariña o 19 de outubro do ano 1927 e foi unha das primeiras mulleres en ir aos percebeos. A súa nai era de Brañas Verdes e o seu pai era de Lazo, feito polo cal ela foi coñecida co nome de Herminia do Laso.

Pasou moita pobreza coa que tivo que loitar para sacar adiante a súa familia. Con dez anos traballaba na terra e tamén recollía algas a cambio de comida ou dun real. Con doce anos empezou ir aos percebeos e segundo conta *“pasei moito medo, pero a fame era máis grande”*. Daquela non había traxe de neopreno nin os medios que teñen agora os percebeiros e percebeiras; cada vez que viña o mar, Herminia corría para agarrarse ás rochas e chegaba a casa empapada sen unha muda que pór. Ao principio cambiaba os cestos de percebeos por comida e, máis tarde, os vendería por un real a Libertad Tajés -comerciante de percebeos da zona-.*



Libertad Tajés, comerciante de percebeos da zona.

Casou e tivo sete fillos. Tratou de retomar os seus estudos acudindo á escola de adultos, pero era tanto o traballo que tiña que se veu obrigada a abandonalos. Seguiu labrando en Camelle e acudindo ao monte a recoller balume* e leña.

Con corenta e tres anos quedou viúva e seguiu indo aos percebeos. Hai doce anos houbo de morrer afogada se non fose por tres gamelas* que a rescataron da ondada. Nesa ocasión pasou tanto medo que non volveu coller este apreciado marisco. A día de hoxe Herminia segue palillando e descansa en Santa Mariña agradecendo a todo o mundo que a axudou nos momentos difíciles.

*Doutor en Historia da Arte, 1992.
+Doutor en Historia da Arte, 1992.

20 **MARÍA DEL PILAR INSUA MÉNDEZ (1962).**
Empaquetadora de alghazo. Presidenta da Xunta Local da
Asociación Contra o Cancro de Camariñas.

María del Pilar Insua, tamén coñecida por Pilar do Rubio, naceu o 12 de novembro de 1962 na Coruña e destaca por ser unha muller emprendedora e decidida que puxo en pé unha empaquetadora de alghaso* en Xaviña. Pilar viviu sempre en Braño (Vimianzo) e foi á escola ata os catorce anos; cando casou mudou a súa residencia e foise para Xaviña.

Empezou co seu traballo de comprar alghasos* en xuño de 1986 case por casualidade, xa que os donos dunha fábrica de Ribadeo buscaban pola zona un local para traballar que ela mesma lles alugou. Deste xeito comezou traballando na fábrica comprando trapos*, prensándoas e almacenándoas en montes por separado.

María Pilar destaca por ser unha pioneira no ámbito empresarial marítimo, pero ademais é unha muller solidaria, alegre e polifacética que aproveita cada minuto da súa vida dedicándose ás máis variadas actividades. Desde logo esta muller é unha auténtica lotadora que demostra, día a día, as súas ganas de vivir.

77



“A raíz dun cancro de garganta puiden ver a realidade desta enfermidade, que non se debe ocultar, senón afrontar con tenacidade e firmeza. E aquí xurdiu a idea de formar unha xunta local da Asociación Española Contra o Cancro, coa finalidade de axudar aos que sofren esta enfermidade sempre que eles ou as súas familias nolo soliciten. O noso labor consiste en dar información e axuda moral e económica –en ocasións extremas- a persoas sin posibles.

Empecei en 1992 con 25 socios. Hoxe somos 500. Os meus colaboradores e mais eu traballamos codo con codo en todos os momentos que temos libres, e todo o mundo presta a súa axuda por esta causa sen ánimo de lucro”.

*Docubios@ipib.org

**PILAR LIBERTAD TAJES CAMIÑO (1934
).
Comerciante de percebe.**

Pilar Libertad Tajés Camiño naceu en Arou, o 25 de novembro do 1934 e procede dunha familia humilde de comerciantes. A pesar da crise económica que existía naqueles tempos, a Libertad nunca lle faltou de comer e puido acudir á escola ata os catorce anos.

Casou en 1962 e tivo dous fillos. O seu home era taxista, traballo que deixou para ir ao mar ata que enfermou. A grave enfermidade do seu marido fixo que tiveran que acudir a moitos médicos en Madrid e isto repercutiu directamente na economía familiar. Para poder ter un soldo na casa, no ano 1985, Libertad comezou a comprar percebes aos mariñeiros de Arou, Santa Mariña e outros lugares para posteriormente vendelos no muro*. Pouco a pouco o traballo foi crecendo e co tempo chegou a comprar percebes nas lonxas de Camariñas, Laxe e distintos pobos veciños para comerciar con eles na Coruña, e así o fixo durante quince anos.



Traballou moito para manter aos seus; asemade, acolleu na súa casa a unha veciña de Arou enferma de párkinson e demencia senil, chamada A Grilla*, que agora conta con oitenta e cinco anos e que forma parte da familia. Na actualidade Libertad dedícase ao palillo, gústalle moito tomar o sol, pasear e falar coa súa veciñanza.

*Docubest@igloobest.com

*Docubest@igloobest.com

P vusbt h vnf sft !tjho jgdubjwbt le fousp !ep !h N C JUP !N B S řUJN P !tpo ;!

✿ FTUIFS UBKFT !DBTUSP !
✿ (Santa Mariña). Percebeira.

2.7 *Ámbito Ocio - Deportivo*

Dolores Soto Blanco naceu no ano 1900 nun lugar de Xaviña chamado A Piosa -que co tempo pasou a ser o seu sobrenome-. Procedente dunha familia humilde de labregos, contraeu matrimonio cun patrón de *ghabarra**, marchou a vivir a Buría (Camariñas) e tivo catro fillos, converténdose na dona dun salón de baile.



Biblioteca de Camariñas

A Piosa foi unha muller moi emprendedora que comezou organizando palilladas na súa casa a cambio dun ferrado de millo ao ano. Cando se perdeu a tradición das palilladas, ela continuou celebrando bailes no salón da súa casa unha vez por semana; estes habitualmente comezaban ás nove e remataban ás doce da noite. Neles tocábanse pasodobres, “xotas”, muiñeiras, etc., acompañados moitas veces polo acordeón dun cego do lugar ou da gaita de Gregorio O de Carnés. A entrada custaba unha peseta.

83

Máis adiante, sobre o ano 1959, Dolores mercou o "picú" -un tocadiscos da época-. A súa filla encargábase de poñer os discos mentres Dolores atendía o mostrador no que se vendían bebidas.

Co paso do tempo empezou a contratar grupos musicais, especialmente a partir do momento en que un bar próximo comezou a organizar tamén bailes. Con todo, A Piosa comprobou que traendo conxuntos musicais se perdía diñeiro e decidiu pechar o salón no ano 1965, dedicándose a traballar na súa tenda de ultramarinos e a coidar das súas netas.

Dolores era unha persoa á que lle gustaba moito xogar ás cartas e que faleceu en marzo do ano 1970. Na actualidade a poboación camariñá máis vella recorda con nostalxia os bailes que se organizaban na súa casa.

☉ equipo de balonmán de mulleres foi creado pola Sección Feminina* de Camariñas ao redor do ano 1956. Nun primeiro momento comezaron xogando ao baloncesto, mais como nesa época non había campionatos deste deporte, decidiuse que o equipo fose finalmente de balonmán.

Composto no seu inicio por dezaseis mulleres, dividíanse en dous grupos para adestrarse dúas ou tres veces por semana no campo situado na actual Praza da Insuela de Camariñas -que antes era un campo de terra cheo de pedras-. Intensificaban a periodicidade destas sesións cando ían ter partidos.

84

Ao pouco tempo de constituírse, as mulleres de Muxía formaron tamén o seu equipo e comezaron a xogar partidos amigables contra elas. Máis adiante, as camariñas acudirían ás xornadas provinciais da Coruña enfrontándose cos equipos femininos de Betanzos, Ferrol e Cambre resultando campioas. O éxito nesta competición conduciunas a viaxar a Palencia para disputar os denominados "Campionatos do Sector"[†] tal e como amosa a fotografía. Xa daquela o equipo modificárase, porque algunhas das xogadoras casaran e deixaran o balonmán.



O clima de traballo era moi bo e a xente do concello apoiábaas sempre que podía. Con todo, ao quedar sen adestrador, fóronse separando pouco a pouco e, a punto de federarse ao redor do 1961, o equipo desapareceu. Na actualidade, algunhas delas comentan con nostalgia os bos tempos pasados e afirman que non lles tería importado dedicarse de maneira profesional ao balonmán.

* Sección Feminina do Club Deportivo Camariñas.

† Campionatos do Sector de Fútbol Sala da Unión Soviética.



As integrantes deste equipo foron:



-Isabel Santiago; María Helena San Luís; Julia Alonso Romar; Antonia Campos; Dolores Alborés; Josefa Mas; Lili Puente; Mari Luz Puente; Dolores Lorenzo; Felisa Campos; Adela Pol; Pilar Rodríguez; Carmen Ventoso; Mercedes Alonso; Josefa Lema; Lucila Graíño e Gelines Alborés-

*"Pregúntale a Camariñas
que es lo que hacen con el balón
que cuando ellas lo cogen,
ya ni lo huelen las de Ferrol".*

*(Cantiga que lle cantaban as do equipo
de balonmán feminino de Ferrol ás de Camariñas
nos campionatos provinciais).*

P vusbt ñ vñf sft !tjñ o jñd bujwb t !e f o usp !ep !ñ N C JJP !P DJP .
E FQP S UJWP !tpo ;!

 GJJB !E FWFTB MFN B !
 (Arou). Proxectaba películas na súa casa e organizaba bailes.

 E P MP S FT !UB KFT !DBN J P !
 (Arou). Organizaba bailes e funcións de teatro na súa casa.

2.8 Ámbito Político

ana María Mouzo naceu en Santa Mariña o 12 de agosto do 1946 e foi a primeira muller concelleira de Camariñas.

No ano 1950, con tres anos de idade, emigrou a Bos Aires onde comezou os seus estudos e traballou de contable. Casou en Arxentina, tivo un fillo e, ao pouco tempo, quedou viúva. No ano 1975 regresou a Santa Mariña onde casou de novo e tivo dous fillos.



Foi despois da chegada da democracia, cando lle propuxeron que se presentara pola Unión de Centro Democrática nas eleccións municipais de 1979. Ana, tamén chamada A Arxentina, ao ver a "*necesidade de modernizarse*" que tiña o pobo camariñán animouse e comezou a súa andadura na política. Finalmente, nese mesmo ano, foi elixida como concelleira de Cultura e membro da Comisión de Contas municipal. Segundo ela "*eran outras épocas e non tiñamos os orzamentos que teñen agora os políticos; non sabiamos ben en que obra investir (...) Era unha situación moi distinta á de agora*".

Estivo de concelleira dende o ano 1979 ata o 1983 e pensa que "*foi unha época ben aproveitada para o desenvolvemento do pobo*". Dentro das medidas realizadas destaca a chegada da luz e auga ás casas e a apertura da estrada a Pescadoira. Amósase moi satisfeita co traballo feito e subliña que sempre pensou no benestar do concello.


Na etapa comprendida entre o ano 1999 e o 2003, Ana volveu ser elixida concelleira de Cultura e membro da Comisión de Contas presentándose esta vez polo Partido Popular. Porén, esta segunda experiencia foi menos satisfactoria porque, segundo nos comentou, o mundo político ateigárase de rivalidades que non compartía. Aínda que pasou algún momento amargo durante a súa vida como política, nunca pensou en abandonar as súas ideas e aínda lembra con cariño á xente do seu e doutros partidos.

Soledad Soneira Tajés naceu en Santa Mariña o 10 de decembro de 1954. Filla dunha labrega nacida en Santa Mariña e dun mariñeiro de Buría, Marisol foi vivir con tan só un mes de idade a Camariñas, parroquia na que reside actualmente.

Comezou a ir á escola en Buría ás clases da mestra dona Lucita, fíxo o bacharelato nun internado en Santiago de Compostela e acudiu na mesma cidade ao Instituto Rosalía de Castro para facer o COU, deixando os seus estudos durante uns anos para retomalos con posterioridade. No momento presente está matriculada na Universidade Nacional a Distancia en Ciencias Políticas e ten a intención de rematar esta carreira tan relacionada coa súa profesión.

90

Marisol Soneira foi concelleira polo Partido Socialista Obreiro de Galicia, en Camariñas dende o ano 1987 ata a última lexislatura. Cando se lle pregunta como xurdiu a súa inquedaanza ao redor da política comenta entre risas: *"toda a culpa a ten o franquismo (...) Na miña casa falábase de política e, ben, ao final a transición pillounos a todos un pouco e decidimos facer algo"*. Comezou colaborando en actividades que se levaban a cabo dentro de Camariñas e, pouco a pouco, foi asumindo outras responsabilidades ata chegar a ser concelleira. Non tiña previsto dedicarse de maneira profesional á política, aínda que era consciente de que tiña certas aptitudes para ela.



Marisol afirma que a súa condición de muller dificultou o seu comezo neste ámbito de traballo xa que, ademais de demostrarlles aos homes que era igual que eles, había iniciativas laborais do ámbito feminino que chocaban cos argumentos dos seus compañeiros. Co paso do tempo acabou sendo deputada do Parlamento Galego en marzo de 1998.

Unha xornada habitual dela resúmese en acudir ao Parlamento pola mañá para preparar o traballo e asistir ás comisións e ás sesións plenarias que se celebran nel. Cando non hai pleno, polas tardes, adoita ter outro tipo de reunións e, como ela é responsable das políticas migratorias do seu partido, en ocasións ten que viaxar fóra de Galiza e de España. Aínda que todas estas tarefas non lle permiten ter un horario fixo, procura vir á Costa da Morte dúas veces por semana.

Malia que na súa profesión o tempo de lecer moitas veces mestúrase coa vida pública, cando pode, fai unha escapadiña e vaise a pescar. Colle a súa barquiña e goza da compañía da música coa súa pequena radio.

2.9 Ámbito Sanitario

A MEDICINA TRADICIONAL.

*a*s compoñedoras de ósos, curandeiras, parteiras e menciñeiras xogaron un papel fundamental na comunidade rural galega e, por ende, na poboación camariñá. Traballando sen o aval dun título formativo e exercendo un oficio a maioría das veces non recoñecido, contribuíron na economía somerxida axudando cos seus coñecementos a mellorar as condicións de vida desde tempos.

Habitualmente na sabedoría destas mulleres existe un complexo abano de métodos de sanación que abrangue dende a elaboración de menciñas ata a imposición de mans e a clarividencia, chegando a plantar herbas para elaborar as curas. Tiñan certo receo cando levaban a cabo o seu traballo porque, durante moito tempo, foi un oficio perseguido, tal e como aconteceu no réxime franquista. Con todo, a medicina oficial mantivo sempre certa curiosidade por esta sabedoría -tal e como amosan algunhas das biografías reflectidas a continuación- e, na actualidade, algúns estudosos consideran beneficiosa a introdución desta medicina natural no sistema científico convencional.

Adelina Pérez naceu en Camelle o 24 de marzo de 1899. Os seus pais eran desta parroquia e dedicábanse a labrar a terra, un traballo que permitiu que os oito irmáns de Adelina nunca pasaran fame.

Casou cun mariñeiro e tivo cinco nenos e catro nenas. Atendía aos animais da casa, labraba a terra, palillaba, ocupábase de coidar dos fillos e do traballo doméstico. Na época da posguerra vendeu na súa casa sacarina, café e patacas da súa propia colleita. Adelina sabía ler e tiña unhas nocións básicas de escritura.



A actividade pola que máis destacou foi a de parteira. Cando os nacementos eran complicados, permanecía coas nais día e noite ata que chegara o momento de dar a luz. Era frecuente que o médico da zona a chamase para lle pedir consello e para que lle axudara nalgúns partos.

Era unha muller de carácter forte e decidido, que tiña moito respecto polos maiores. Na festividade de Noite Nova repartía seiras* de patacas entre as persoas con menos recursos e, na matanza do porco, dáballes o presente* e unha potiña de caldo da Riola*.

Gustáballe moito falar coa veciñanza, a compañía do seus e o pan gramado que lle traía a súa neta da Coruña. Foi unha muller moi festeira e gozaba das romarías ás que acudía. Morreu o 9 de maio do 1977 aos setenta e oito anos de idade en Camelle na compañía dos seus nove fillos e fillas.

*Doctoreshipitbsj!

Carmen Tajés Rodríguez naceu en Camelle o 21 de agosto do ano 1921 e destacou toda a súa vida polo labor que realizou como asistente sanitaria no concello de Camariñas.

De procedencia humilde, comentounos como durante a súa infancia "*a miña nai tivo que traballar día e noite para criarme a min e máis ao meu irmán*". Cando comezou a ir á escola unha muller comentou que tiña a sarna, polo que deixou de asistir ás clases; porén, o feito de ser filla de solteira e non estar recoñecida no rexistro polo seu pai, foi o motivo que lle impediu continuar formándose. Máis adiante, con cincuenta e un anos, comezou a acudir á escola de adultos e recibiu unhas nocións básicas de lectura e escritura.



Carmen de Angustias é unha muller solteira que sobresaiu no mundo da medicina tradicional por ser, fundamentalmente, unha boa asistente sanitaria e curandeira dende os vinte e tres anos: poñía inxeccións, facía curas de todo tipo, sacaba moas, atendía e asistía nas operacións cirúrxicas e axudaba a preparar aos mortos. A xente dáballe a cambio, segundo os recursos dos que dispoñía, peixe, ovos ou o presente* na

época da matanza; aquelas persoas que non tiñan recursos axudábanlle a plantar e a recoller as patacas.

Compaxinou este labor sanitario con outras actividades. Foi barrenadora* no porto durante un ano e medio; traballou asemade na lonxa de Camelle preparando o pescado durante dezaseis anos e no secadoiro de congro durante dezasete.

*Docubios@ipib.org

Se non tiña que atender enfermos, palillaba pola noite e, na actualidade, continúa facéndoo con oitenta e tres anos e sen lentes. Muller loitadora e xenerosa, posúe un carácter forte e solidario. Aínda se lembra dunha muller camellá á que, desafiuzada polos médicos, seguiu facéndolle curas durante catro anos todos os días para remediar a súa peritonite. Acaboulle salvando a vida. Quizais por cousas coma esta a alumna do IES da Ponte do Porto, Carol Ameijeiras Tajés, dedicoulle este poema:

*" A muller significativa da
que vos vou falar
chámase Carmen e é do
meu lugar.
Non era diplomada nin
era licenciada
pero facía o mesmo traballo
que unha estudiada.*

*Curando feridas comezou
e de cirurxía acabou.
Axudaba a todo o mundo
con moita alegría
e a calquera hora do día.
Salvou vidas a moreas
coas súas tesoiras e gasas
de seda.*

*Nin unha peseta nin un
patacón
na súa vida cobrou.
Unha boticaria, unha
doutora,
unha dentista ¡unha muller
artista!".*

Clara Mouzo Marcote naceu en Camelle o 13 de decembro do 1900 e sobresaíu por ser unha muller que atendía aos partos das veciñas camellás. Procedente dunha familia de labregos, foi á escola, non se sabe canto tempo, e sabía ler e escribir.



Disculpa, non se pode reproducir a imaxe.

Casou cun mariñeiro da parroquia e tivo tres fillos. Coidaba da casa e dos animais, facía pan de broa*, ía ao río a lavar a roupa e buscaba auga no pozo máis próximo. Cando remataba de facer estas actividades, xuntábase coas súas veciñas a palillar.

Coñecida por Clara de Benita, alcume herdado pola súa avoa, aprendeu o oficio de parteira grazas aos coñecementos dunha señora de Camelle chamada Estrella.

Era moi frecuente que acudise aos partos tanto de día coma de noite, cumprindo ás veces co seu deber estando incluso enferma. Non cobraba polo seu traballo aínda que as mulleres do pobo como agradecemento sempre lle facían un pequeno agasallo.


Se Clara observaba que existía algunha complicación, acompañaba á futura nai á Coruña. Pola contra, se todo ía ben e comezaban as contraccións, estudaba a situación detidamente; se a criatura viña do revés, dáballe a volta coa axuda das súas mans. Despois cortaba o cordón umbilical e amarraba cun cordel o tecido sobrante, esperando que a muller expulsara a placenta. Cando o parto finalizaba, mandaba que a nai tomase caldo de galiña da casa e unha tortilla feita con manteiga, mentres ela bebía tranquilamente un té con anís.

*Documnto de referencia.

O caso máis difícil que Clara atendeu foi o dunha moza que non quería abrir as pernas para parir. Ata que chegou o médico para lle axudar, non conseguiu facer nada.

Era unha muller guapa, miúda e simpática. Gustáballe facer dúas potas de caldo da Riola* na matanza do porco para repartir cos seus familiares. Morreu o 24 de xaneiro do 1992 aos noventa e un anos de idade e sendo tan coqueta coma sempre.

Estrella Luísa naceu en Camariñas o 24 de xaneiro do ano 1899 e foi compoñedora de ósos, músculos e tendóns. Máis coñecida por Estrella de Cándido, aprendeu a arranxar os ósos a través dos coñecementos que lle transmitiu o seu avó. Casou con dezasete anos e quedou viúva con vinte e oito; froito do seu matrimonio naceron nove fillos. Dedicábase, ademais, a labrar a terra, a palillar e a lavar a roupa dunha familia adiñeirada para gañar uns pesos. Tal e como afirma a súa neta, foi unha persoa que traballou moito e que tivo que educar soa aos seus fillos e fillas.



Cando exercía de compoñedora, atendía á xente en calquera lugar do pobo. A veciñanza trataba de devolverlle o favor en forma de agasallo, xa que naqueles tempos case ninguén tiña un bo nivel adquisitivo. De feito, un médico da zona ofreceulle traballar con el gañando bastantes cartos; ela non quixo e preferiu continuar o seu traballo de maneira gratuíta.

A técnica que utilizaba consistía en percorrer os tendóns ata detectar golpes, fracturas ou distensións musculares; cando o facía non paraba de falar e de facer preguntas co ánimo de distraer á persoa doente e, no caso de que óso estivera roto, colocarllo no seu sitio.

Estrella amosaba moito receo cando alguén descoñecido acudía a ela para que o atendese, sobre todo, se eran médicos e corría o risco de que a denunciaran; era consciente de que desempeñaba un oficio non recoñecido e perseguido polo réxime franquista. Este temor conduciuna a non transmitir o seu saber aos seus descendentes; non obstante, os seus fillos e fillas aprenderon certos coñecementos do seu traballo fixándose nela durante moitos anos.

Sabia, protectora da súa familia e moi querida polo pobo de Camariñas, Estrella de Cándido morreu o 4 de febreiro do 1978.

Flora Rodríguez, tamén coñecida por Flor de Carrila, naceu en Xaviña o 3 de marzo de 1900. O seu pai era canteiro e a súa nai labrega.

Foi a escola onde aprendeu a ler e escribir. Durante os seus anos mozos facían un baile na súa casa coñecido como "*a palillada da Carrila*". Ao pouco de casar, o seu home emigrou e ela permaneceu en Xaviña; cando os seus dous fillos remataron o servizo militar, tamén marcharon para a Arxentina polo que Flora quedou vivindo na parroquia coa súa nai, atendendo as terras e criando a unha filla da súa irmá.

102



Wpibec3lerDmb3jrteterMwjr!

O coñecemento para poñer inxeccións adquiriuno da nai e da xente maior; tamén facía curas con destreza en Xaviña sen cobrar nada a cambio. Flora compraba algunhas menciñas e material sanitario -como gasas, alcol ou algodón- na farmacia de Ponte do Porto que despois vendía na súa casa a moita xente da parroquia que, por diferentes motivos, non podía acudir á botica. No caso de que algunha persoa estivese impedida, Flora

achegábase á súa casa para lle proporcionar todo o que fose necesario.

A xente xaviñá sempre lle estivo moi agradecida pola súa xenerosidade. Flora era regordeta, non moi alta, faladora, simpática e lle gustaba moito a empanada e o bolo de pan; asemade, gozaba asistindo á palillada que se facía na súa casa. Morreu o 19 de xuño de 1962.

María Barcia Gerpe naceu en Camariñas o 11 de xuño de 1931 no seo dunha familia humilde. A súa nai empregouse na conserveira de Cerdeiras e o seu pai foi mariñeiro; ámbolos dous tiveron que traballar arreo para manter a oito fillos.



María casou cun mariñeiro e tivo nove fillos. Traballou, como anteriormente fixera a súa nai, nas conserveiras de Cerdeiras e Aguiar. Despois dedicouse a empacar peixe no porto, e conta que un día o Xeneral Franco foi visitar o peirao mentres ela e outras mulleres traballaban alí. Todas agardaban algunha recompensa ou agasallo, mais o que fixo o ditador foi dicirlles: *"esclavas gallegas que bien lo hacéis, a mi me gusta que seáis así"*.

103

Pouco a pouco comezou a asistir partos xa que tiña habilidades para desempeñar o oficio; facíao tan ben que, despois de tratar a varias mulleres, un médico propúxolle que traballase con el. Desde ese momento os partos difíciles atendíaos sempre ela pagándolle o doutor tres mil pesetas por cada un. Conta María que un día de Noite Boa tivo que asistir todos os partos mentres o médico durmía; foi por este motivo polo que o abandonou e decidiu traballar soa.

Asemade, cando as mulleres deixaron de dar a luz na casa para asistir ao hospital da Coruña, ela acompañábaas, e foron oito as ocasións nas que tivo que atender partos no interior dun automóbil. Durante todo o tempo que desempeñou as funcións de parteira só lle morreu un neno, o que lle provocou un fondo sentimento de tristura. Despois de trinta anos traballando, un día decidiu deixar esta actividade porque xa se atopaba cansa, pero aínda a día de hoxe mira aos rapaces e rapazas que pasan pola rúa e pregúntase se sería ela a súa comadroa.

Esta muller é moi querida e respectada en Camariñas. Só se queixa dunha cousa na vida: *"traballar como unha neghra con dentes e moas e non aparecer na Seguridade Social"*.

Josefa Tajes, máis coñecida como Pipirita, naceu en Camelle o 3 de xaneiro do 1915. Os seus pais, Basilisa e Manuel, eran de Camelle. Él era buzo e ela traballaba na casa.

Despois de quedar orfa de pai dende moi nova, casou e tivo catro fillos, dous deles xemelgos. Josefa non foi á escola pero aprendeu a ler e escribir e a facer algunhas contas.



104

Acudía a Traba con pescado que logo trocaba por cereais e tubérculos que vendía na súa tenda. Máis adiante comezou a plantar patacas e verduras para vendelas na praza da Ponte do Porto.

Exercía de compoñedora de ósos para a poboación local e dos arredores, tempo no que coincidiu traballando neste oficio con outra muller da zona moi querida polo pobo camellán: María Camiño Pérez. Pipirita aprendeu este saber despois de que un familiar sufrise un accidente e, debido a que naqueles tempos era difícil trasladarse diariamente á Coruña, un doutor ensinoulle as técnicas pertinentes para o seu coidado. Despois desta experiencia, converteuse nunha experta colocando tendóns, sobre todo se estaban montados uns encima dos outros, sen deixar en ningún momento de atender a súa tenda.

Josefa Tajes foi unha muller traballadora que gozaba coidando as súas plantas e indo á ribeira. Faladora e simpática, amiga da súa veciñanza, morreu o 19 de decembro do 1997.

Obdulia Rodríguez naceu en Buría (Camariñas) e foi unha das mulleres que destacou pola súa profesión de asistir ás mulleres nos partos e ás persoas enfermas. Procedente dunha familia humilde de labregos a tamén coñecida coma Señora Dulia, casou e tivo catro fillos.

Aínda que se descoñece en que condicións comezou a exercer esta actividade e quen foi a persoa que lle ensinou os seus coñecementos, traballou como curandeira durante toda a súa vida aplicando todo tipo de remedios caseiros. Din que curaba tumores con mechas* de trapo; aplicaba uns vasos grandes como ventosas sobre a pel do doente para calmar a dor dos músculos e utilizaba salvado de fariña e fermento sobre o corpo dos enfermos para eliminar algunha enfermidade.



Buría (Camariñas), Galicia, España

105

Cando mataban galiñas na súa casa, gardaba os pezuños e preparaba un líquido para a dor de garganta; cando era a matanza do porco, collía o fel do animal e xuntábao nunha botella con alcol empregando este líquido "desinfectante" para sanar feridas. Tódolos remedios que fabricaba a señora Dulia estaban feitos por ela mesma.

Naquela época había uns viaxantes polo pobo que vendían botellas de samesugas. Obdulia comprábaas e as aplicaba sobre a pel dos enfermos para que chupasen o "sangue malo" e aliviar así as súas doenzas.

A parte de ser curandeira, traballaba na terra, na casa e ocupábase do coidado dos seus fillos. Asemade, atendía os partos na zona da Aldea (Buría),

²¹ <https://www.galiciapromocultural.com/obdulia-rodriguez-tajes>
 +Doradoshupibsi/

chegando a pasar días enteiros fóra de casa para preparar ás mulleres cando estaban a punto de dar a luz. Persoas achegadas a ela comentáronnos que cando a señora Dulia mandaba a algunha muller ao médico, significaba que o parto tiña pouco remedio. Sempre lavaba aos recém nados nun barreño durante oito días seguidos e mandaba ás parturientas comer chocolate e beber auga de galiña para recuperar as forzas. Era tan recoñecida neste oficio que os médicos lle regalaban libros sobre bebés, sen sospeitar que ela nin sabía ler nin fora á escola.

Foi unha muller moi traballadora e querida por todo o pobo que "*sempre axudou a toda persoa que o necesitara sen esperar nada a cambio*". Obdulia morreu aos oitenta anos e está enterrada no cemiterio de Camariñas.

P vusbt h vmf sft !tjho jgdubujwbtle fousp !ep !h N C JJP !TBO JJB S JP !
tpo ;!

🍷 NBS ñB !DBN JÆ P !QαSF [!
🍷 (Camelle). Compoñedora de ósos.

🍷 **MANUELA CANOSA**
🍷 (Camariñas). Poña inxeccións.

🍷 DBSN FO !EF !SPTB !
🍷 (Xaviña). Parteira.

🍷 NBS ñB MÖ QF [!DBOPTB !
🍷 (Camariñas). Parteira.

2.10 **Ámbito Sociocomunitario**

Amelia Tajés Romar naceu en Buría (Camariñas) o 12 de maio de 1940. A súa nai dedicábase á labranza e ao palillo; o seu pai, despois de emigrar a Brasil, traballou na fábrica de conservas de Cerdeiras.

Máis coñecida como Melia de Benedicto, Amelia tamén se empregou nas fábricas de Cerdeiras e de Aguiar, ademais de labrar a terra a xornal. Casou con dezaoto anos e, na época no que o seu home mariñeiro caeu enfermo, tivo que traballar moi duro para sacar adiante aos seus.



Foi a dona dunha taberna durante un tempo, pero como tiña que estar soa pola noite, deixouno. Ela e o seu marido acabaron por emigrar a Suíza e alí traballaron como cociñeira e cociñeiro no restaurante dun hospital. Máis tarde, Amelia pasaba o ferro durante longas xornadas nunha lavandería. Ao volver o matrimonio dedicouse fundamentalmente a vender porcos e ovellas, apañando chimpíns* cheos de balume* e herba para coidalos.

Un acontecemento importante da súa vida chegaría ao morrer a súa tía política, momento a partir do cal seguiría co seu traballo: "sacar o aire e o mal de ollo".

Amelia conta que "o aire" é un síntoma provocado por un mal ou unha enfermidade que é contaxiada por outra persoa; afirma, neste senso, que mesmo se tes a roupa colgada e pasa un enterro, o aura do morto pódese trasladar ás prendas. Por outro lado, o "mal de ollo" é algo que che bota unha persoa intencionadamente ou sen intención; este último caso dáse cando as persoas teñen moita forza na mirada e non o saben.

*Docturbs#ipitbsj!

Cando empezou a sacar "o aire" e o "mal de ollo" pasouno mal porque oía aos difuntos andar pola súa casa e tiña premonicións de cando ía morrer alguén. Amelia exerce estes saberes tanto en persoas como en animais e mesmo a distancia, con rezos e cruces durante nove días. Asemade, a xente acude ao seu fogar cando ven que os médicos non son capaces de curar a súa dor ou enfermidade; segundo contan, sánaos.

Carmen e Manuela Mouzo Camiño eran dúas irmás que naceron en Camelle, onde viviron toda a súa vida. Máis coñecidas por As de Romar, sobresaíron pola súa bondade coas persoas máis necesitadas.

Procedentes dunha familia de labregos e mariñeiros, tiveron un nivel de vida bo. Esta circunstancia posibilitou a asistencia á escola da irmá maior. Manuela naceu o 3 de novembro de 1896 e Carmen -seis anos máis nova- o 26 de xuño de 1902. Aínda que tiñan algunhas faccións semellantes, a súa estrutura física era ben diferente: Manuela era baixa e regordeta e a súa irmá era delgada e de estatura media. Malia que Carmen casou, ámbalas dúas seguiron vivindo na mesma casa.



Manuela Mouzo Camiño

Resultou moi significativo o labor que levaron a cabo coa xente sen recursos da parroquia. Habitualmente lles facían a comida e non faltaba unha semana na que non se cocera pan de broa* para repartir entre todos, chegando a ter a dezaoitto persoas xuntas a xantar na súa casa. Tamén quentaban auga nun pote coa finalidade de facilitar a hixiene de todas aquelas persoas que o necesitasen e, nunha casiña que tiñan a carón da súa, facían camas con palla e deixaban que todos os que quixesen durmisen nelas. Cando algunha persoa quedaba no seu fogar durante moito tempo normalmente axudaba ás irmás Romar a escunchar* o millo ou a traballar nas leiras como mostra do seu agradecemento.


Cómpre salientar que, no momento en que alguén morría, Manuela facía de comer nas casas dos falecidos; naqueles tempos os funerais eran na Ponte do Porto e ela tiña a comida feita para cando volvesen: "*sempre cociñaba o mellorciño e*

*Docubios Históricos

bebíase anís, augardente e unha compiña de viño doce".

Asemade, mantiñan unha boa relación coa súa familia e acolleron a oito dos seus sobriños cando quedaron orfos para crialos. Tamén a filla dunha sobriña quedou na casa de Carmen e do seu home e acabaron recoñecendoa como filla.

As irmás tiñan o costume de rezar todos os días o rosario na súa casa, gustáballes ir á misa e acudían, sempre que podían, ás misións que organizaban os curas da zona e de pobos próximos. Como moitas mulleres da Costa da Morte, tamén palillaban e acostumaban facelo polas noites na palillada de Camelle.



Manuela

Carmen morreu dunha enfermidade do corazón o 3 de maio de 1993 e Manuela faleceu o 5 de novembro de 1990 aos setenta e sete anos; hoxe en día son recordadas na parroquia camellá polo seu labor social cos máis necesitados.

Dolores Miñones naceu na Ponte do Porto o 24 de marzo de 1875. Os seus pais eran da Ínsua (Ponte do Porto) e ámbolos dous foron muiñeiros. A situación económica da familia era boa, feito polo cal Dolores puido asistir á escola privada de Carantoña (Vimianzo). Cando deixou de estudar, aos trece anos, casou cun mozo de Vilar (Vimianzo) que vendía puntillas en Cuba. Como resultado de dito enlace naceron tres fillos: dúas nenas e un neno.



Con pouco máis de vinte anos quedou viúva e foi a Arxentina e Madrid a seguir vendendo puntillas mentres o seu rapaz e a súas rapazas quedaban ao coidado da avoa. Ao volver da capital, marchou para Santiago de Compostela onde estivo varios anos dedicada ao comercio de encaixes que compraba á veciñanza do concello de Camariñas. En Santiago coñeceu a un canteiro co que casou de novo e co que regresou á Ponte.

A Dolores gustáballe moito ler libros de medicina natural, as novelas e a política; os días de feira abría o despacho que acabou facendo na súa casa onde lía a correspondencia á xente analfabeta da zona correspondencia da familia emigrada ou dos soldados involucrados na Guerra Civil. Pola lectura de cada misiva cobraba un real ofrecéndolle sempre aos seus clientes, segundo a hora do día, un café ou unha comida.

Esta muller tamén ensinaba gratuitamente o catecismo a nenos e nenas que preparaba no seu fogar para recibir a primeira comunión. Cando algunha persoa da zona estaba a morrer, a xente de Ponte do Porto acudía a buscala para que rezase coa familia do moribundo, mostra da confianza e afecto que depositaban nela. Ademais, Dolores axudaba á xente sen recursos da zona e atendía a persoas enfermas con menciñas naturais, feitas con herbas que ela mesma plantaba; incluso moitos médicos da zona remitíanlle pacientes para que os atendese. Alén disto,

tamén curaba os callos dos pés, atendía os partos e tiña certos coñecementos de dereito que aplicaba para axudar á veciñanza máis pobre.

Unha anécdota moi comentada antigamente en Ponte do Porto foi a valentía que tivo esta muller para defender ao seu afillado da pena de morte, imposta nun consello de guerra, por desertar do servizo militar. Acudiu a Madrid e logrou falar co Xeneral Millán Astray²², a quen convenceu para que non o executasen.

Morreu de vella aos oitenta e tres anos na Ponte do Porto, na compañía da súa filla. A súa valentía, sabedoría e xenerosidade aínda é recordada por moitas persoas.

²² N.º de referencia: 12-6441

Dolores Sánchez López naceu en Camelle o 26 de agosto de 1919, filla dun mariñeiro camellán e dunha porteña dedicada ao traballo doméstico e ao palillo. A situación socioeconómica da familia era bastante boa xa que o seu pai era patrón dun barco, circunstancia que lles permitía vivir folgadamente.



Dolores, tamén chamada Lolita de Tomás - sobrenome que lle viña do seu bisavó-, foi á escola ata os catorce anos. Aos vinte e un anos e froito dunha relación de catro anos, tivo a súa única filla. Ao pouco tempo Lolita trasladouse a Sada (A Coruña) xunto á súa irmá, para estudar perruquería. Alí estivo tres anos e, cando rematou a súa preparación, comezou a traballar na Ponte e en Camelle como perruqueira, oficio que desenvolveu ata os 65 anos. Aos trinta e tres anos casou cun emigrado a Arxentina.

117

Os utensilios para comezar o seu oficio tivo que os pedir a Barcelona, xa que na Coruña aínda non os comercializaban. Como era a única perruqueira da zona, en moitas ocasións foi andando ata Muxía, Baio, Laxe, Vimianzo, Camariñas e Camelle para prestar os seus servizos. Case sempre levaba con ela unha irmá pequena e en case todos os sitios dábanlle moi boas propinas.

Dolores gañou moitos cartos polo feito de exercer unha profesión pouco coñecida naqueles intres que, segundo contan, desempeñou moi ben e cando arranxou a súa casa, preparou un novo espazo para a perruquería e a xente comezou a ir ao novo local a peitearse. Como Dolores era moi sociable, faladora e gustáballe ter xente ao seu carón adoitaba a invitar ás clientas a café.

Fermosa, intelixente, de carácter forte, era afeccionada ao fútbol e á política. No seu tempo de lecer palillaba e tamén aproveitaba para lle facer algunha visita á xente da veciñanza.

Felisa Tajés Alborés, máis coñecida como Felisa da Ruela, naceu o 24 de abril de 1918 en Camelle, parroquia onde sempre viviu ata a súa morte o 17 de xuño de 1997.

A súa nai morreu cando ela tiña seis semanas polo que se criou, xunto cos seus irmáns, coa súa tía A Ruela.

Felisa casou aos dezoito anos cun mariñeiro camellán co que tivo oito fillos, quedando viúva aos cincuenta anos. Non foi á escola pero aprendeu a facer as contas grazas aos seus netos e á súa inquedanza persoal.

Cando morría unha persoa no pobo ela ía andando ata Ponte do Porto a buscar a caixa á Funeraria Santa Lucía, traéndoa de volta a Camelle na cabeza. Tamén se encargaba de recoller as receitas médicas da xente camellá e de ir a buscar os medicamentos á farmacia da Ponte para os repartir posteriormente polas casas. Esta actividade compatibilizábaa co reparto da correspondencia de Camelle, levando as cartas moitas veces ata o servizo de correos da Ponte e Vimianzo facendo as veces de recadeira duns pobos a outros. A cambio destes traballos, a veciñanza dáalle caldo ou un cacho de touciño que ela gardaba para os seus, chegando desinteresadamente a aleitar fillos doutras nais e a axudar a labrar a terra de moitas persoas.

Deixou de desempeñar estas actividades cando enfermou aos sesenta e dous anos. Moita xente recorda a Felisa recorrendo os camiños xa que, como non había coches, era moi necesario que alguén desenvolvese todas estas tarefas.

Foi unha muller boa e simpática que sempre tiña un sorriso na cara para todo o mundo; moi traballadora e loitadora, aínda é recordada na comunidade.



!!!!!!! Felisa Tajés Alborés!!!!!!!

Luísa Romar Vázquez naceu en Buría (Camariñas) o 16 de maio de 1917 e destacou por ser a primeira muller campaneira e sancristá de Camariñas. Foi filla dun mariñeiro de ghabarra* e dunha compoñedora de ósos.



Luísa casou aos dezaioito anos cun mariñeiro que tivo que emigrar ao Brasil no ano 1962, onde permaneceu oito anos, deixándoa ao coidado dos seus cinco fillos e fillas. Muller vital e traballadora, ademais da educación da súa familia ocupouse de labrar na terra, atender aos animais, acudir ao monte a recoller o balume*, palillar, lavar a roupa a algunhas familias do pobo e encargarse da tenda dun familiar seu; todo isto, segundo afirma unha filla súa, "*sen saber ler nin escribir*".

Sen embargo, o labor máis significativo de Luísa foi o feito de ser campaneira e sancristá. Conseguiu ao cincuenta e nove anos de idade cando un neto dela decidiu deixar as súas funcións como acólito na igrexa de San Xurxo de Camariñas. Pouco a pouco foi gañando experiencia e permaneceu traballando vinte e oito anos neste posto; as súas funcións laborais consistían en preparar a misa, colaborar na sancristía, ordenar o altar, preparar as flores e as velas, pasar o cepillo, tocar a campá e, ademais, coidar de doce netos e netas dos seus fillos emigrados a Suíza. Segundo comentaron persoas achegadas, "*ela tiña un toque moi fino, notábase cando estaba tocando a campá*".

Luísa sempre afirmaba que, cando tivese que deixar o seu traballo na igrexa, ía morrer de pena. Aos poucos meses de abandonar parcialmente o seu oficio por mor dunha gripe moi forte, morreu na súa casa a idade de oitenta e sete anos. No entanto, a tradición familiar continúa na actualidade por mor do empeño da súa filla Lola.

*Docubios@ipitibaj!

María Mouzo Pérez, máis coñecida como María do Petrallo, naceu o 29 de xuño do 1928 en Camelle. De familia humilde -a súa nai traballaba na terra e seu pai ía ao mar-, destacou pola axuda mostrada cara á veciñanza.

Foi á escola ata os trece anos e logo traballou no secadoiro de congro. Foi socia do Museo do Pobo Galego ao que doou varios obxectos antigos sobre o mar e os barcos. Casou con vinte anos cun home percebeiro que pouco despois traballaría como mergullador chegando incluso a rescatar a algunha xente do mar.



120

Durante doce anos tivo case un parto por ano, sendo nai de once fillos e fillas, e cóntannos que foi unha muller que traballou moito para tirar da familia para adiante. Ía a coller auga, poñía patacas, apañaba trapos* e lavaba a roupa no río. María aproveitaba o tempo antes de ir para a cama e tecía calcetíns e xerseis para os seus fillos e fillas, e logo dedicábase a ler xa que lle gustaba moito.

Foi unha muller que acolleu ás persoas sen recursos na súa casa; daballes de comer en moitas ocasións -tal e como aconteceu co alemán de Camelle²³ - e, se facía falta, tamén durmían na súa casa.


O seu fogar foi o segundo de Camelle en ter televisión e todos os rapaces e rapazas do pobo ían polas tardes a vela, tempo este no que aproveitaba para lles dar a merenda.

*Dpto. de Cultura.

²³ Ningunha das persoas que se mencionan neste artigo son fillos ou fillas de María do Petrallo. O alemán de Camelle foi un rapaz que se quedou na casa de María do Petrallo durante algunhas semanas e se alimentou das comidas que ela preparaba para os seus fillos e fillas.

María do Petrallo faleceu o 12 de maio do 1997, unha muller que, segundo contan, daba todo sen pedir nada a cambio. Cando alguén acudía a ela para lle pedir diñeiro e non o tiña, non dubidaba en endebedarse para solventar o problema.

Máxima Carracedo Castiñeiras naceu o 5 de xuño de 1874 en Camelle e destacou pola axuda que lle brindou a algunhas persoas, especialmente aos máis necesitados.



WjboeFDm.mf(eftef)brvcip(efNix!

122

Os seus pais eran de Camelle, o pai mariñeiro e a nai traballaba na casa e palillaba. Máxima non foi á escola e non sabía ler nin escribir; casou e tivo dous fillos e dúas fillas. Algo que a satisfacía moito era a súa boa relación cos curas da comunidade; mostra disto era que o día da festa se encargaba de recadar diñeiro aos romeiros, darlles auga e facer as subastas na praza da igrexa. Asemade, o día da festa deixaba na porta da súa casa unha

senlla* con auga para que as persoas que pasaban por alí puidesen beber.

Sempre estivo moi pendente da súa familia e cando alguén tiña algún problema, estaba disposta a axudar. De feito, recolleu na súa casa aos fillos dunha curmá falecida e tamén aos seus tres netos logo de que a súa filla enviuvase.

“Máxima non entendía de clases sociais e sempre estaba disposta a ofrecer o que tiña”; cortáballes o pelo e sacáballes os piollos á xente con menos recursos, deixándolles durmir na súa casa.

Alta, delgada, faladora e de carácter alegre, o seu traballo consistía en palillar para vender os labores realizados. Os días de bo tempo, palillaba no Campo do Santo situado na Praza da Igrexa, circunstancia que aproveitaba para falar coa xente e escoitar historias. Faleceu o 28 de marzo de 1974 á idade de setenta e tres anos.

*Dooctvns#fipitbsj!

María Pouso Castro, tamén coñecida como "María da Zapateira", naceu en Camelle o 25 de xuño de 1918. O pai era de Noia, zapateiro, e a nai de Camelle, traballaba na casa. Ela e os seus cinco irmáns quedaron orfos moi novos e, por ser a máis vella, converteuse na encargada do seu coidado e educación. Con tantas responsabilidades non tivo a oportunidade de acudir á escola aínda que cos anos, e con moita motivación, aprendeu a ler un pouco e a poñer a súa sinatura. Casou e tivo dous fillos.

O primeiro traballo que desempeñou foi na fábrica conserveira de Cerdeiras de Camariñas, carretando as cestas de peixe das gamelas* para a cadea de produción. Posteriormente, traballou durante vinte anos na funeraria Santa Lucía. Nos primeiros anos de actividade, acudía camiñando ata Ponte do Porto para buscar os cadaleitos dos mortos, axudaba a preparalos e ía polas portas da veciñanza avisando da hora á que era o enterro. Estivo moito tempo desenvolvendo estas funcións pero, nos últimos anos, dedicouse sobre todo a cobrar as facturas da funeraria polas portas de veciños e veciñas.



123

Muller moi traballadora, tamén ía ao río lavar a roupa dos ricos do pobo, pasaba o ferro á roupa dos turistas dos iates e do equipo de fútbol, servía na casa do médico e exercía de cociñeira nas vodas.

María da Zapateira foi moi querida pola xente de Camariñas e por aqueles que a coñecían. Alegre e xenerosa, moitos aínda recordan que prestaba o seu balcón para que tocasen as orquestras polas festas; ela non podía ir para a cama ata que remataban. Morreu en Cee o 2 de xullo do 2003.

*Docubns#ipitbsj!

P vusbt! n vmsft! t h o j j b u j b t! e f o u s p! e p! î N C J P!
T P D J P D P N V O J J B S J P ! t p o ;!


- 🌳 Q V S J G J D B D J O ! D B N J P ! M F N B !!
🌳 (Arou). Primeira muller en ter carné de conducir en Arou.
- 🌳 B O E S F B ! D B S C B M M P !
🌳 (Camelle). Fixo un pozo na súa casa e subministraba auga á poboación local.
- 🌳 T B S B ! D B S S F S B ! Q x S F [!!
🌳 (Ponte do Porto). Vendía xoguetes e larpeiradas nas festas da Ponte e arredores.
- 🌳 N B S î B ! E B ! Q P O U F !!
🌳 (Camelle). Axudou a xente sen recursos.
- 🌳 F M W J S B ! G F S O î O E F [!!
🌳 (Ponte do Porto). Dáballe comida aos pobres.
- 🌳 J S N î T ! G F S O î O E F [!!
🌳 (Camariñas). Doaron terreos á comunidade e son as únicas mulleres ás que, xunto con Sofía Rivas, lles dedicaron unha rúa en Camariñas.
- 🌳 H J O J B !!
🌳 (Camariñas). Menciñeira do aire.
- 🌳 Q J M B S ! F ! D B S N F O ! O P H V F J S B !
🌳 (Camariñas). Cederon un terreo e unha casa á comunidade Camariñá.
- 🌳 J S N î T ! Q B U J P !!
🌳 (Camariñas). Cederon terreos á Igrexa.

GLOSARIO DE EXPRESIÓNS

Algaso <*alghaso*>: Ir ao algaso é un traballo que consiste en recoller as algas (máis coñecidas como trapos) no mar, ben para usalas como esterco ou ben como plantas medicinais.

Almofada: Saco de tea recheo de palla de trigo que serve de soporte para palillar o encaixe²⁵. Consultar fotografía anexa para ver a composición da almofada.

126



CapEUFotofiepitupNvtúepFobjé!

Nº 1 **CORNAS**: Paus de madeira para apoiar a almofada.

Nº 2 **BOLSA DE ALFINETES**: Bolsa de tea chea de serraduras ou pelo de rabo de porco ou crin de cabalo.

Nº 3 **CARTÓN OU PICADO**: Patrón onde se pica o deseño de calquera encaixe e polo cal se palilla despois.

Nº 4 **COIRA**: Pel de cordeiro ou de coello curtida, sobre a cal se deslizan os "palillos".

Nº 5 **PALILLOS**: Pezas de madeira torneadas, onde se enlea o fío, que logo se van cruzando e dando forma ao encaixe.

Nº 6 **TRAPO**: Fragmento de tea co cal se tapa o encaixe cando se deixa de palillar. Tamén se utiliza para facer o "brillón" (atado dos palillos) cando se ergue (levantando do encaixe á parte superior do picado).

Nº 7 **ALMOFADA**.

Balume: O balume ou estrume é o esquilmo (toxo) que se emprega para cubrir o chan onde está situado o gando ou outro tipo de animal.

Barrenadora: Encargada de facer os furados para os cartuchos de dinamita.

²⁵ NvtúepFobjé-5112-43y/21A

Broa: Chámase pan de broa ou boroa a aquel que se fai con fariña de millo, lévedo, sal e auga.

Caldo da Riola: Este caldo facíase naquelas casas que levaban a cabo a matanza do porco e para iso aproveitábase o corazón, o fígado, os riles, a costela picada e o livián do animal. Carne á que se lle engade pemento, comiño, fabas, touciño derretido e patacas. Dentro da historia oral de Camariñas coméntase que a persoa que inventou a receita foi unha serventa que traballaba nas Torres do Cereixo (Vimianzo) no século XVIII e que se chamaba A Riola; nome que bautizaría con posterioridade ao caldo. Na actualidade o último domingo de xullo ten lugar unha festa gastronómica en Ponte do Porto de exaltación deste caldo.

Caramuxa: Caracol de mar. “Molusco propio das costas rochosas, caracterizado por presentar o pé cun opérculo (peza do corpo que serve para tapar algún orificio) que facilita a súa resistencia cando permanece fóra da auga durante a baixamar”²⁶.

127

Chimpín: Carretilla a motor de catro rodas con volquete, utilizada habitualmente no sector da construción e, nalgunhas casas do concello camariñán, usada para transportar o balume ou as patacas.

Cuarterón: Tecido de tela, tamén chamado cuarteirón, que se coloca entre as barillas da “sombriña” ou parasol. É cada unha das catro partes en que se divide un todo²⁷.

Darlle o presente: Cando era a matanza do porco en Camariñas existía a tradición de darlles aos familiares ou ás amizades, anacos de carne de porco.

Escunchar: Sacar os grans ao millo.

Ghabarra: É unha embarcación de pequeno tamaño e fondo plano, que adoita ir remolcada e que se emprega como medio de carga e descarga de

²⁷ [http://www.dga.es/ES/EF/EF064/](#)

²⁸ [http://www.dga.es/](#)

mercadorías. En Camariñas habitualmente se utilizaba para transportar a madeira cortada.

Gamela: “Embarcación tradicional galega que se emprega na pesca de baixura para capturar peixes con cordas ou redes artesanais”²⁸.

Mareas mortas: “As mareas son un movemento oscilatorio, vertical e periódico de ascenso e descenso do mar, que se produce pola atracción entre o Sol e a Lúa”²⁹. Cando se afirma que as mareas son mortas estase facendo referencia ás que hai entre a preamar (marea alta) e a baixamar (marea baixa), o espazo temporal no que se dificulta a actividade do marisqueo xa que o mar non ten tanta forza.

Mareas vivas: “Marea en que o mar baixa e sobe moito máis ca nas mareas habituais, causada pola lúa chea ou nova”³⁰.

Mechas: Fragmentos de tea retorcida que se utilizan para facer curas.

O Muro: Nome que se lle da á Lonxa da Coruña.

Palillos: Pezas de madeira torneadas, onde se enrola o fío, que logo se vai entrecruzando e dando forma ao encaixe³¹.

Seca: Parte dun areal que queda descuberta na marea baixa. Teñen lugar cando hai mareas vivas.

Seiras: Cestos pequenos de palla que serven para transportar patacas, legumes ou verduras.

Senlla: Recipiente de madeira que habitualmente se usa para almacenar viño ou auga.

Tarrafa: “Arte de pesca do cerco para coller sardiña”³².

²⁸ [http://www.123.com/2/182/1](#)

²⁹ [http://www.123.com/2/473/1](#)

³⁰ [http://www.123.com/2/473/1](#)

³¹ [http://www.123.com/2/1/1](#)

³² [http://www.123.com/2/472/1](#)

Traballar a xornal: Dise da ocupación desempeñada sen contrato a nivel particular, a cambio de comida ou cartos.

Tramallos: É unha técnica de pesca que consiste nun conxunto de redes para mallar os peixes. *“Aparello formado por tres panos superpostos que forman unha parede onde os peixes quedan presos”*³³.

Trapos: Son as algas.

- Asociación Lilith e Rama Morales, p. (2005): “*I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes*” en www.camarinas.net.
- Blanco Campaña, X. L. (1991): “*Camariñas, terra de palilleiras*” Edicións Xerais, Vigo.
- Escola obradoiro de Camariñas (decembro de 1992). En Revista “*Treboada nº 0*”, páx. 19-20.
- Escola obradoiro de Camariñas (abril de 1993). En Revista “*Treboada nº 1*”, páx. 20-22.
- Fernández González, L. e Montero Cardamara, L. (2003): “*A realidade das mulleres camariñas*” en www.camarinas.net.
- Gallego Rei, M. (1988): “*Os encaixes*”. Ir indo, Vigo.
- La Voz de Galicia (02/12/2003): “*Palilleiras de Camariñas terminaron una mantilla para la Reina*” en www.lavozdegalicia.es. Edición Carballo, tomo 2413, folio 84, folla C-12502.
- Ledo Cabido, B. (2004): “*Diccionario de Galeso*”. Ir Indo Edicións, Vigo.
- Libro de actas do Concello de Camariñas.
- Museo do Encaixe (2001): “*Museo do Encaixe*”. Concello de Camariñas e Deputación da Coruña, A Coruña.

AGRADECEMENTOS

Queremos agradecer a todas aquelas persoas e institucións que fixeron posible a elaboración da guía "MULLERES SIGNIFICATIVAS DE CAMARIÑAS 2005".

132

Adelina
Tajes Pérez.
Angélica Figueiras Grela.
Angélica Mouzo Sierra.
Antonio Velo Fernández. Borja
Baña Carril. Carmen Margarita Sánchez
Mouzo. Carmen Tajes Pereira. Carol Ameijeiras Tajes. Dolores Alborés Gude.
Emérita Sánchez López. Enrique Álvarez-Pardiñas Rodríguez. Enrique Álvarez-
Pardiñas Romero. Evaristo Tajes López. Francisco Baña Sánchez. Francisco Javier
Carballo Rey. Francisco Javier Carballo Sánchez. Gelines Alborés Anido. Gloria
Blanco Méndez. Iberia Luaces Arén. Jesús Rocha Bouzas. José Mouzo. Josefa
Blanco Suárez. Josefa López Martínez. Josefina Rodríguez López. Julia Alonso
Romar. Lola Mouzo Mouzo. Luisa Canosa Castiñeira. Luisa Martínez Soneira. M^a
Carmen Alborés Gude. M^a Concepción Rodríguez Martínez. M^a Dolores Vigo
López. M^a Isabel Mouzo Mouzo. M^a Luísa Tajes Romar. Manuel Armental
Pasantes. María Pasantes. Milagros Pose Carracedo. Modesta Cabrejo e Manuel
Garrote. Modesto e Pura Carracedo Tajes. Pilar Bello Sánchez. Pura Carracedo.
Rocío Tajes Castro. Rosa María Armental Fuentes. Rosario
Devesa Martínez. Sergio Sánchez Prego. Socorro
Pose Bermúdez. Teresa Vidal Alborés. Trinidad
Romar Baña. Vicente Carril Lema. Xosé
Gonzalo de Barros Martínez.

INSTITUCIÓNS:

Alumnado de 3º e 4º da ESO do IES Pedra da Águia (Ponte do Porto). ANPA Ponte do Porto. Asociación ABONDOU de loita contra as drogodependencias. Asociación Abrindo Rejo. Asociación Arouca. Asociación As Baleas. Asociación de Amas de Casa. Asociación de empresarios e hostaleiros do Concello de Camariñas. Asociación de Pensionistas e Xubilados. Asociación Palillada. Biblioteca. Centro Cultural de Xaviña. Centro de Iniciativas Empresariais. Centros de saúde da Ponte do Porto, Camariñas e Camelle. Club Náutico de Camariñas. Cruz Vermella (proxecto SINGRA). Departamento de Galego do IES Pedra da Águia (Ponte do Porto). Deputación da Coruña. Empresa de intervención social XENEME. Escola de primaria da Ponte do Porto. Escola de primaria de Camariñas. Escola infantil de Xaviña. Farmacia da Praza de San Roque (Ponte do Porto). Farmacia situada na rúa da Constitución (Camariñas). Librería de Camelle. Museo do Encaixe. Oficina da Caixa Galicia de Camariñas. Oficina da Caixa Galicia de Ponte do Porto. Persoal da Casa da Pedra e do Concello de Camariñas.

Policía Local.
Protección civil. Sociedade de Caza Cabo Villano. Ultramariños Casa Abelardo (Camelle). Xulgado de Paz de Camariñas.

Asemade gustaríanos mostrar a nosa gratitude polo interese e motivación da poboación que achegou fotografías e documentación (cantigas, poemas ditos populares, etc.) á Casa da Pedra ou ao equipo técnico do programa.



Frivp1\$0jpsf0otbnfE0h0r0v0d0j0E0h0k!